

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ORDE do 5 de maio de 2011 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña).

De acordo co establecido no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, correspondendo á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as competencias nesta materia, en virtude do Decreto 7/2011, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da dita consellería.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16 que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen máis límites que os establecidos polo ordenamento xurídico. O artigo 18 da mesma norma establece a obrigatoriedade de comunicar á consellería competente en materia de colexios profesionais os estatutos aprobados, así como as súas modificacións.

Dando cumprimento a esta disposición, o Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña) acordou en asemblea xeral que tivo lugar o 22 de decembro de 2010 a aprobación da modificación dos estatutos que foron presentados ante esta consellería para os efectos da súa aprobación definitiva, despois da cualificación de legalidade, en cumprimento do establecido no artigo 18 da Lei 11/2001, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do anterior, e verificada a adecuación á legalidade da modificación estatutaria efectuada, e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1.

Aprobar a modificación dos estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña) que figuran como anexo a esta orde.

Artigo 2.

Ordenar a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición correspondente no Rexistro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derogatoria.

Estes estatutos derrogan os anteriores aprobados por orde da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local do 15 de xuño de 2005, publicados no *Diario Oficial de Galicia* do 14 de xullo.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Estatutos do Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña)

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Composición e natureza xurídicaArtigo 1. *Definición.*

1. O Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña) –en diante Colexio– está integrado polos profesionais da clase de Odontoloxía e Estomatoloxía con exercicio na provincia da Coruña.

2. Tamén estarán incorporados ao Colexio as sociedades profesionais que teñan o seu domicilio na provincia da Coruña, para os efectos de que se poida exercer sobre elas as competencias que lle outorga o ordenamento xurídico.

Artigo 2. *Natureza xurídica.*

1. O Colexio é unha corporación de dereito público amparada e recoñecida pola lei, pola Administración do Estado e pola Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O Colexio é independente das administracións públicas, sen prexuízo das relacións de dereito público que legalmente lle corresponda con elas.

3. O Colexio terá, dentro do ámbito da provincia da Coruña, a representación da profesión nos termos que estableza a normativa aplicable, sen prexuízo da que lle corresponda ao Consello Galego da Odontoloxía e Estomatoloxía –en diante, Consello Galego– no ámbito autonómico, e a atribuída ao Consello Xeral de Odontólogos e Estomatólogos de España, nos ámbitos estatais e internacionais e outras que legalmente ten atribuídas o citado consello.

4. Todas as actuacións dos órganos colexiais estarán rexidas polos principios de independencia, de representatividade, de actuación democrática e de seguridade xurídica.

5. Os estatutos garantirán a estrutura democrática, a participación dos colexiados e o seu carácter representativo.

Artigo 3. *Colexición.*

1. O Colexio, dentro do ámbito da súa competencia, agrupa os profesionais domiciliados na provincia da Coruña, de conformidade coas normas vixentes en materia de colexiación.

2. Para o exercicio da profesión de odontólogo ou estomatólogo no ámbito territorial da Coruña será necesaria a incorporación ao Colexio nos termos establecidos na normativa aplicable en materia de colexiación.

Artigo 4. *Denominación, tratamento, domicilio e escudo.*

1. O Colexio denomínase Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos da X Rexión (A Coruña).

2. O Colexio terá o tratamento de ilustre e o seu presidente o de ilustrísimo.

3. O Colexio establece a súa sede na cidade da Coruña, rúa Emilio González López, número 28, planta baixa. Poderá ser modificada por acordo da Xunta de Goberno aprobado pola Asemblea Xeral. Tamén existe unha páxina web icoec.es e un enderezo de correo electrónico: cooe15@informed.es

4. O escudo estará constituído pola Cruz de Malta, en cor verde, con bordo branco na parte superior de cada aspa, e no seu centro un áspide amarelo entrelazado a instrumento dental, e todo iso sobre unha coroa de loureiro de cor verde. Nas aspás leva a seguinte inscrición: «Colexio, Odontólogos, Estomatólogos, A Coruña». Toda a documentación colexial utilizará o escudo oficial do Colexio logo da autorización da Xunta Directiva, os colexiados poderán usar na súa documentación profesional este escudo.

CAPÍTULO II

Relacións con outras administracións e entidades*Artigo 5. Relación coa Administración pública.*

1. O Colexio, nas cuestións relativas aos aspectos institucionais e corporativos, relacionarase coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellería competente en materia de colexios profesionais, e nas cuestións referentes ao contido da profesión, a través das consellerías competentes sobre as que recaian as competencias profesionais e o ámbito de formación profesional.

2. O Colexio emitirá informe sobre as disposicións autonómicas referentes a odontoloxía e estomatoloxía, títulos oficiais requiridos e réxime de incompatibilidades con outras profesións.

3. O Colexio estará representado no Consello Galego e relacionarase coas demais organizacións colexiais.

4. O Colexio estará igualmente integrado no Consello Xeral de Colexios de Odontólogos e Estomatólogos de España, no cal participará plenamente.

CAPÍTULO III

Fins e competencias*Artigo 6. Fins do Colexio.*

1. Son fins esenciais do Colexio a ordenación do exercicio da profesión, a representación da profesión nos termos que estableza a normativa aplicable, a protección dos intereses dos consumidores e dos usuarios dos servizos dos seus colexiados, todo iso sen prexuízo da competencia da Administración pública por razón da relación funcional.

2. Débense matizar, de forma singular, os seguintes:

a) A ordenación, no ámbito territorial da súa competencia, da profesión sanitaria que consiste no exercicio da actividade da odontoloxía e estomatoloxía, na prevención, diagnóstico e tratamento dos dentes, da boca, dos maxilares e dos tecidos anexos.

b) A representación exclusiva dela.

c) O ditado, a salvagarda e a observancia dos principios deontolóxicos, éticos e xurídicos da profesión.

d) A promoción permanente dos niveis científico, deontolóxico, social, cultural, económico e laboral dos seus colexiados.

- e) A defensa dos intereses profesionais dos seus colexiados.
- f) A contribución á consecución do dereito á protección da saúde bucal de todos os cidadáns e á regulación xusta e equitativa da súa correspondente asistencia sanitaria.
- g) O asesoramento ás autoridades, mediante a emisión dos informes técnicos e profesionais que lles soliciten ou se consideren convenientes desde a corporación.
- h) A protección dos intereses dos consumidores e dos usuarios dos servizos dos colexiados.
- i) Calquera dos outros que puidesen redundar en beneficio dos cidadáns e da mellora das condicións e dos valores da práctica profesional.

Artigo 7. *Competencias.*

Para a consecución dos seus fins, corresponde ao Colexio, no seu ámbito territorial, o exercicio das funcións que lle atribúe a lexislación sobre colexios profesionais e as disposicións emanadas da Comunidade Autónoma de Galicia e, en especial, as seguintes:

1. Representar a profesión ante organismos públicos, institucións, entidades privadas, outras organizacións profesionais e, en xeral, ante a sociedade.

Corresponde especialmente ao Colexio a elaboración, a discusión e a aprobación coas entidades de seguro libre de enfermidade dun convenio marco para a prestación de asistencia colectiva, sen prexuízo do disposto na lexislación sobre colexios profesionais.

2. Exercer a defensa da profesión ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en todos os litixios que afecten os intereses profesionais.

3. Exercer o dereito de petición, conforme a lei.

4. Elaborar, vixiar o cumprimento e facer cumprir os códigos ético e deontolóxico na práctica profesional.

5. Emitir os informes preceptivos sobre os proxectos de lei ou disposicións de calquera rango no ámbito autonómico de Galicia que se refiran ás condicións xerais da profesión e das demais profesións sanitarias.

6. Manter e perfeccionar, de maneira continuada, o nivel científico, cultural e deontolóxico dos colexiados, mediante a organización e a promoción das actividades científico-culturais que sirvan a esta finalidade.

7. Establecer procedementos de control para verificar o seguimento dos programas de formación científica e formación continuada promovidos, organizados ou supervisados polo Colexio, e acreditar, se é o caso, a satisfacción destes procedementos por parte dos colexiados.

8. Exercer as funcións que lle sexan encomendadas polas diferentes administracións públicas e colaborar con elas na organización de estudos, na emisión de informes, na elaboración de estatísticas, na participación en consellos, comisións, servizos ou organismos consultivos, inspeccións sanitarias de clínicas ou consultas, e outras actividades relacionadas cos seus fins.

9. Elaborar a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional dos novos titulados.

10. Velar polo dereito da sociedade a que a saúde bucal sexa atendida por profesionais legalmente facultados e en condicións dignas e competentes.

11. Realizar inspeccións colexiais e, se é o caso, sanitarias, das clínicas ou consultorios dentais.

12. Perseguir e denunciar o intrusismo e a ilegalidade dentro da profesión, así como informar publicamente de todas as actuacións que resulten enganosas para a poboación ou se aproveiten da boa fe dos usuarios.

13. Requirir a obrigatoria intervención das autoridades das administracións involucradas dentro do ámbito territorial do Colexio e exixir a aplicación de medidas correctoras e, se é o caso, sancionadoras, previstas na lexislación, por actuacións de calquera tipo e procedencia que puidesen prexudicar a saúde bucal da poboación.

14. Facilitar aos tribunais e conforme as leis a relación de colexiados que puidesen ser requiridos para intervir como peritos nos asuntos xudiciais, ou designalos por si mesmos, segundo proceda.

15. Ordenar a actividade profesional dos colexiados, no ámbito das súas competencias, para velar pola ética e a dignidade profesional, polo respecto debido aos dereitos dos particulares, e exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

16. Ofrecer arbitraje, con laudo vinculante se as partes o aceptasen, nos conflitos que deriven da actividade profesional dos colexiados.

17. Vixiar a publicidade profesional, con suxeición ás leis, velando pola protección da saúde e polo respecto dos principios éticos e deontolóxicos da profesión.

18. Ofrecer aos Colexiados servizos de calquera tipo relacionados coa súa actividade profesional e, especialmente, cando poidan derivar vantaxes para o colectivo mediante un convenio ou un acordo con empresas, sen que iso supoña obriga de contratalos.

19. Establecer convenios ou contratos que xeren dereitos ou vantaxes ao colectivo, sempre que non establezan obrigas aos Colexiados non previstas legalmente como tales.

20. Aprobar os seus propios regulamentos de desenvolvemento estatutario.

21. Estar informado e presente naqueles tribunais de selección do persoal, cando a Administración así o solicite.

22. Crear, soste e fomentar obras de previsión, crédito, consumo e seguro, nos seus diversos aspectos, xa sexa con carácter obrigatorio ou voluntario, segundo o caso.

23. Manter unha relación institucional estreita coas universidades de Galicia, para o que se propoñerán os acordos marco necesarios, para favorecer o desenvolvemento profesional na nosa comunidade autónoma.

24. Estudar, cando sexa requirido, todas as cuestións relativas á tributación dos profesionais, e intervir nestas representándoos corporativamente ante os organismos fiscais.

25. Establecer as normas que regulen o réxime económico do Colexio e dos organismos afíns e dependentes deste.

26. Editar, en calquera tipo de soporte, os boletíns, as circulares e as publicacións necesarias para información xeral, científica ou de calquera outra orde de todos os Colexiados.

27. Organizar os servizos de asesoramento xurídico e de calquera outro tipo que se considere conveniente para mellorar as condicións de traballo e servizo dos Colexiados.

28. Formalizar contratos ou convenios con sociedades aseguradoras ou igualatorias con pleno respecto ao disposto na Lei de defensa da competencia.

29. Calquera outra das recoñecidas nos presentes estatutos, nos estatutos xerais de odontólogos e estomatólogos de España, ou na lexislación vixente.

30. De acordo coa Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, crear e levar o rexistro destas sociedades dedicadas á actividade profesional da odontoloxía e estomatoloxía.

31. Cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e dos usuarios dos servizos dos Colexiados. Deberá constituír, para o efecto, comisión ou órganos unipersoais dotados de facultades para analizar, informar, resolver, mediar ou arbitrar as reclamacións dos consumidores e dos usuarios relacionadas cos servizos prestados.

32. Atender as solicitudes de información sobre os Colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou de investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, ou calquera outra que a substitúa ou modifique.

No desenvolvemento destas competencias, as actuacións do Colexio respectarán os límites establecidos na Lei de defensa da competencia.

CAPÍTULO IV Réxime xurídico

Artigo 8. *Normas aplicables.*

1. O Colexio rexerese:

a) Pola Lei de Colexios profesionais, estatal e autonómica.

b) Polos seus propios estatutos.

c) Polos estatutos do Consello Galego, no que lle fose aplicable.

d) Polos estatutos xerais dos odontólogos e dos estomatólogos e do seu Consello Xeral, vixentes en cada momento, no non previsto polos propios estatutos do Colexio da Coruña.

e) Por cantas disposicións ou normas modifiquen, substitúan ou complementen as anteriores.

2. A xurisdición profesional do Colexio e a obrigatoriedade do cumprimento das súas normas esténdese ao ámbito territorial da provincia da Coruña.

3. A xurisdición disciplinaria comprende a todos os Colexiados do territorio español, sempre que a súa actividade e actuación profesional se exerza dentro do ámbito territorial do Colexio.

Artigo 9. *Competencia orgánica.*

A competencia é irrenunciable e exercerana os órganos colexiais que a teñan atribuída como propia, salvo nos casos de delegación, substitución ou avocación, previstos legalmente nestes estatutos.

Artigo 10. *Eficacia e nulidade.*

1. O réxime xurídico dos actos da organización colexial que estean suxeitos ao dereito administrativo rexerese polo disposto na lexislación sobre colexios profesionais e sobre o réxime xurídico das administracións públicas, ou a que as substitúa ou modifique.

2. A notificación de acordos que deba ser persoal realizarase no domicilio profesional que se teña comunicado ao Colexio. No seu defecto, procederase á notificación dos acordos polos métodos subsidiarios previstos na lexislación vixente.

3. En todo caso, os acordos, as decisións e as recomendacións dos órganos colexiais observarán os límites da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, así como os de calquera outra normativa que a substitúa ou modifique.

Artigo 11. *Recursos.*

1. Os actos dos diferentes órganos colexiais son directamente impugnables ante a xurisdición competente, logo do esgotamento dos recursos corporativos procedentes no seu caso.

2. Contra as resolucións dos órganos de representación e de goberno colexiais e os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar un procedemento o produzan indefensión, quen teña un interese lexítimo, persoal e directo poderá interpoñer un recurso de alzada no termo dun mes ante o Consello Galego.

3. O prazo máximo para ditar e para notificar a resolución será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimado o recurso, co que quedará expedita a vía procedente.

4. Unha vez esgotados os recursos corporativos, os actos suxeitos ao dereito administrativo serán directamente impugnables ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

5. A interposición do recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. No entanto, o órgano a que compete a resolución do recurso poderá suspender a execución do acto impugnado nos casos e na forma previstos no artigo 111 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Capacidade xurídica e representación legal.*

1. Dentro do ámbito de actuación, o Colexio goza de plena capacidade xurídica e de obrar, polo que pode:

a) Adquirir a título oneroso ou lucrativo, allear, vender, gravar, posuír e reivindicar toda clase de bens.

b) Contraer obrigas.

c) Ser titulares de toda clase de dereitos.

d) Executar ou soportar calquera acción xudicial, reclamación ou recurso en todas as vías e xurisdicións, nacionais e internacionais, no ámbito da súa competencia.

e) Desenvolver calquera outra capacidade xurídica que lle poida ser asignada pola lexislación vixente, presente ou futura, dentro do seu ámbito de competencia, ou que derive destes estatutos.

2. A representación legal do Colexio, tanto en xuízo como fóra del, corresponderá ao seu presidente, quen está lexitimado para outorgar poderes xerais ou especiais a procuradores, letrados ou a calquera clase de mandatarios.

TÍTULO II
Colexiados

CAPÍTULO I
Clases de colexiados

Artigo 13. *Clases de colexiados.*

1. A pertenza ao Colexio admite as seguintes modalidades:

–Colexiados con exercicio.

–Colexiados sen exercicio.

–Colexiados en formación.

–Colexiados honoríficos.

–Colexiados de honra.

–Presidentes de honra.

2. Serán colexiados con exercicio os que, inscritos como colexiados, desenvolvan a profesión, sen prexuízo da súa posible pertenza a outra corporación colexial cando, por razón de título, poidan exercer ou exerzan outras actividades propias del.

3. Serán colexiados sen exercicio aqueles profesionais colexiados que non practiquen a actividade profesional.

4. Serán colexiados en formación aqueles que se atopen realizando estudos de pos-grao, en centros legalmente recoñecidos e con dedicación exclusiva.

5. Serán colexiados honoríficos aqueles que fagan os setenta anos de idade desempeñando a súa actividade profesional.

6. Serán colexiados de honra aqueles que nomee a Xunta de Goberno, tomando en consideración a súa actividade política, profesional ou científica en prol da odontoloxía ou estomatoloxía na provincia da Coruña. Poderán asistir ás asembleas xerais, onde ocuparán un lugar preferente, pero carecerán de dereito a voto.

7. Serán presidentes de honra do Colexio os que a Xunta de Goberno, en número máximo de tres simultáneos, pode designar cos seguintes requisitos e dereitos:

Requisitos:

A) O candidato deberá ter exercido o cargo de presidente do Colexio de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña cando menos durante un mandato de catro lexislaturas.

B) O candidato debe ter sido colexiado en activo deste Colexio durante un período mínimo de quince anos, e estar ao día de todas as obrigas colexiais no momento do seu nomeamento.

C) Deberá ser proposto por dous membros da Xunta Directiva e debe contar en votación secreta coa aprobación da maioría dos membros da Xunta Directiva presentes na convocatoria que, para o efecto, se realice.

Dereitos:

A) Formarán parte da Xunta Directiva do Colexio de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña, con voz mais sen voto. Aínda que, se están en activo, conservarán o seu dereito a voto nas asembleas xerais.

B) Por acordo da xunta, poderán asistir a todo tipo de actos conmemorativos, congresos ou similares.

C) Poderán emitir informes sobre todos aqueles temas que lles sexan solicitados pola Xunta Directiva.

D) Terán os dereitos económicos que acorde a Xunta de Goberno.

E) Manterán o tratamento de ilustrísimos.

8. Alén do anterior, a Xunta de Goberno poderá condonar ou rebaixar a cota de colexiación en función da situación laboral dos colexiados.

CAPÍTULO II

Obrigatoriedade da colexiación

Artigo 14. *Da colexiación para o exercicio profesional.*

1. Quen pretenda realizar actividades propias da odontoloxía e a estomatoloxía en calquera das súas modalidades está obrigado a acreditar ao Colexio, previamente ao comezo da actividade profesional, xa sexa por conta propia ou allea, estar en posesión do título de odontólogo ou estomatólogo, por medio da presentación dos correspondentes títulos legais, expedidos polas autoridades académicas, ou ben homologados polo ministerio correspondente.

2. A práctica da profesión na provincia da Coruña require o cumprimento da lexislación sobre a pertenza a un colexio oficial de odontólogos e estomatólogos, ou o seu equivalente en España.

3. Para os efectos do parágrafo anterior, presumirase o exercicio profesional privado, salvo proba en contrario, naqueles facultativos que, con título suficiente para desenvolver a profesión, dispoñan de clínica ou policlínica de odontoloxía, ou de estomatoloxía autorizada, ou que contén con instalacións e/ou equipamentos específicos para o exercicio da profesión.

4. Cando a actividade profesional privada despregada dentro do ámbito territorial do Colexio teña carácter principal, a colexiación mencionada no número 2 deste artigo deberá ter lugar, preceptivamente, no Colexio da Coruña. Para estes efectos, considérase actividade principal aquela que represente máis da metade do horario anual de exercicio e, en todo caso, sempre que supere a metade do horario do convenio laboral correspondente para este sector profesional da provincia da Coruña.

5. Cando a actividade profesional privada dentro do territorio do Colexio teña carácter habitual mais non principal, o profesional deberá estar colexiado nalgún colexio oficial de odontólogos e estomatólogos de España, sempre respectando o cumprimento da lexislación vixente.

6. Cando a actividade profesional privada no territorio do Colexio teña carácter esporádico ou ocasional será suficiente estar colexiado nalgún colexio español, igualmente con suxeición á lexislación en vigor. Se se trata dun profesional doutro Estado membro da Comunidade Europea, observarase o disposto na normativa vixente do dereito comunitario relativa ao recoñecemento de cualificacións.

Artigo 15. *Facultades do Colexio.*

O Colexio está facultado para requirir e exixir a información precisa e, se é o caso, probas, sobre o calendario, o horario e as instalacións clínicas en que os profesionais exercen a súa actividade na provincia da Coruña, co obxecto de vixiar e facer cumprir as obrigas previstas neste artigo e as de atención persoal e directa aos pacientes, preceptuada pola lexislación vixente.

CAPÍTULO III

Requisitos para o exercicio da profesión de odontólogos e estomatólogos

Artigo 16. *Requisitos.*

1. Os odontólogos e os estomatólogos son os profesionais competentes para realizar as actividades de prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación relativas ás anomalías e enfermidades dos dentes, da boca, das estruturas estomatognáticas e dos seus anexos, que exerzan profesionalmente na Coruña, ben de forma ocasional ben de forma permanente, e tanto en individuos illados como de maneira comunitaria, e deberán cumprir o requisito da colexiación nos termos que estableza a lexislación vixente en cada momento.

2. Os odontólogos e os estomatólogos poderán exercer a profesión a través de sociedades profesionais, unha vez que se constituísen de conformidade co establecido na súa lei reguladora e estean debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio. O exercicio profesional en forma societaria rexerese polo previsto na lexislación aplicable e nestes estatutos.

3. En todo caso, o exercicio da profesión de odontólogo ou estomatólogo a través dunha sociedade profesional, ou como socio profesional dela, non eximirá da obriga de cumprir con disposto na lexislación en materia de colexiación prevista neste artigo, nin poderá ser substituída pola inscrición desta sociedade profesional no citado rexistro colexial.

CAPÍTULO IV

Incorporacións, altas e baixas no Colexio*Artigo 17. Incorporacións.*

1. Para a incorporación ao Colexio requirírase acreditar, como mínimo, as seguintes condicións xerais de aptitude:

- a) Ser maior de idade.
- b) Estar en posesión dun dos títulos legalmente exixibles para o exercicio das actividades propias da odontoloxía ou da estomatoloxía.
- c) Non estar incapacitado, salvo na colexiación sen exercicio.
- d) Non estar inhabilitado para o exercicio profesional.
- e) Satisfacer a cota de inscrición ou a colexiación que determine o Colexio. A cota determinarase libremente o Colexio, aínda que non poderá superar, en ningún caso, os custos asociados á tramitación da inscrición.

f) Aceptar por escrito os estatutos, as normativas e as disposicións colexiais.

2. A solicitude de primeira colexiación efectuarase mediante unha instancia dirixida ao presidente do Colexio, xuntándose a esta:

- a) Declaración xurada de coñecemento dos estatutos do Colexio, dos do Consello Xeral, dos do Consello Galego e do Código Ético e Deontolóxico do Colexio da Coruña vixente, comprometéndose ao seu cumprimento.
- b) Comunicación do lugar ou lugares nos cales efectuará o seu exercicio profesional.
- c) Solicitude de inspección e autorización para a apertura da clínica profesional.
- d) Título profesional orixinal e fotocopia compulsada del.
- e) Tres fotografías tamaño carné e en soporte dixital.
- f) Solicitude de alta no imposto de actividades económicas.
- g) As coberturas que a Xunta Directiva sinala como obrigatorias.

h) Currículo, coa oferta profesional de dedicación preferente.

3. O Colexio disporá dos medios necesarios para que as solicitudes de incorporación se poidan tramitar por vía telemática, de acordo co previsto no artigo 20.

4. Para exercer en localidades pertencentes a diferentes colexios oficiais españois bastará a incorporación ao colexio oficial do domicilio profesional principal. Tanto o colexio oficial da colexiación como os colexios de destino poderán controlar a actividade dos colexiados. Para este efecto, os colexios afectados cooperarán e utilizarán os oportunos mecanismos de comunicación. Sen prexuízo do anterior, os colexios non poderán exixir aos odontólogos ou aos estomatólogos que exerzan nun territorio diferente ao da colexiación comunicación nin habilitación ningunha, nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas a aquelas que exixan habitualmente aos seus colexiados pola prestación de servizos dos cales sexan beneficiarios e que non se achen cubertos pola cota colexial.

5. En caso de desprazamento temporal dun profesional da rama odontolóxica ou estomatolóxica doutro Estado membro da Unión Europea observarase o disposto na normativa vixente na aplicación do dereito comunitario relativa ao recoñecemento de cualificacións (Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e a calquera outra normativa que a substitúa, modifique ou desenvolva).

Artigo 18. *Perda da condición de colexiado.*

1. Perderase a condición de colexiado por algunha das seguintes causas:

a) Baixa voluntaria, por cesamento na actividade profesional no ámbito territorial do Colexio.

b) Incapacidade ou inhabilitación legal para o exercicio da profesión.

c) Sanción disciplinaria firme de expulsión do Colexio.

d) Non pagamento das cotas colexiais durante máis de seis meses, logo de requirimento de pagamento para o efecto e audiencia do interesado.

2. En caso de sobrevir incapacidade física e/ou psíquica probadas que impidan o exercicio profesional, o interesado poderá optar entre darse de baixa no Colexio ou continuar colexiado como persoa que non exerce.

3. Considerarase causa de incapacidade para o exercicio da odontoloxía ou estomatoloxía a seguinte:

Os impedimentos físicos ou psíquicos que, pola súa natureza ou intensidade, non permitan o cumprimento da función profesional.

4. Considerarase causa de inhabilitación a seguinte:

A resolución expresa e firme de inhabilitación ou de suspensión dos tribunais de Xustiza ou dos órganos da corporación colexial.

5. A incapacidade deixará de producir efecto cando cesen as causas que a motivaron; a inhabilitación ou a suspensión, cando se extingue a responsabilidade, conforme as leis ou os presentes estatutos.

6. A baixa como colexiado será comunicada ás autoridades competentes.

7. A Xunta de Goberno poderá desenvolver, mediante regulamento, o procedemento da baixa da condición colexiado.

Artigo 19. *Información ao Consello Xeral.*

Para os efectos de poder manter as funcións colexiais nos casos de colexiación en diversos ámbitos territoriais e en beneficio dos consumidores e dos usuarios:

a) A Xunta de Goberno do Colexio notificará ao Consello Xeral, no prazo máximo de cinco días hábiles, as incorporacións, as altas, as baixas, os horarios de exercicio declarados, as incapacidades, as inhabilitacións, as sancións e demais información dos seus colexiados que sexa relevante, co fin de incorporala á súa base de datos central.

b) O Colexio notificará ao Consello Xeral, para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Sociedades Profesionais, as inscricións practicadas nos seus respectivos rexistros de sociedades profesionais mensualmente, dentro dos primeiros quince días naturais de cada mes en relación coas inscricións practicadas durante o mes anterior, sen prexuízo da comunicación inmediata daquelas inscricións que consideren de prioritario coñecemento público (entre outras, as relativas ás imposicións de sancións disciplinarias e á disolución da sociedade profesional).

CAPÍTULO V

Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores ou usuarios

Artigo 20. *Portelo único.*

1. O Colexio disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu

exercicio, os profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun punto único, por vía electrónica e a distancia. Concretamente, o Colexio fará o necesario para que, a través deste portelo único, os profesionais poidan, de forma gratuíta:

a) Obter toda a información e os formularios necesarios para o acceso á actividade profesional e o seu exercicio.

b) Presentar toda a documentación e as solicitudes necesarias, incluíndo a da colexiación.

c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teña consideración de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a súa resolución polo Colexio, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non fose posible por outros medios.

d) Convocar os colexiados ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e poñer no seu coñecemento a actividade pública e privada do Colexio profesional.

2. A través do referido portelo único, para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e dos usuarios, o Colexio ofrecerá a seguinte información, que deberá ser clara, inequívoca e gratuíta:

a) O acceso ao Rexistro de Colexiados, que estará permanentemente actualizado e no que constarán, cando menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados, número de colexiación, títulos oficiais que posúan, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.

b) O acceso ao Rexistro de Sociedades Profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

c) As vías de reclamación e os recursos que poderán interpoñerse en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou o Colexio.

d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais poidan dirixirse para obter asistencia.

e) O contido do código deontolóxico, se o houbese.

3. O Colexio deberá adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do previsto neste artigo e incorporar para iso as tecnoloxías precisas e crear e manter as plataformas

tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas e a accesibilidade das persoas con discapacidade. Para iso, o Colexio poderá poñer en marcha os mecanismos de coordinación e colaboración necesarios, inclusive coas corporacións doutras profesións.

Artigo 21. *Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores ou usuarios.*

1. O Colexio deberá atender as queixas ou reclamacións presentadas polos colexiados.

2. Así mesmo, o Colexio dispoñerá dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios, que necesariamente tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos colexiados presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais, así como asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

3. O Colexio, a través deste servizo de atención aos consumidores ou usuarios, resolverá sobre a queixa ou reclamación, segundo proceda, ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, ben remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, ben arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme a dereito.

4. A regulación deste servizo deberá prever a presentación de queixas e reclamacións por vía electrónica e a distancia.

CAPÍTULO VI

Dereitos, deberes e prohibicións dos colexiados

Artigo 22. *Dereitos dos colexiados.*

Corresponden aos colexiados os seguintes dereitos:

- a) Exercer a profesión con plena liberdade, dentro do marco deontolóxico e estatutario.
- b) Participar na xestión corporativa e, por tanto, exercer o dereito de petición, o do voto e o de acceso aos postos e cargos directivos, mediante os procedementos e cos requisitos establecidos nestes estatutos.
- c) Solicitar e obter do Colexio a asistencia e a protección que poida necesitar para o bo exercicio da profesión.
- d) Ser defendidos, por petición propia, polo Colexio, cando sexan vexados ou perseguidos sen motivo, con ocasión do exercicio profesional.

e) Ser representados e apoiados polo Colexio e a súa asesoría xurídica cando necesiten presentar reclamacións fundadas ante as autoridades, os tribunais, as entidades públicas ou privadas e en cantas diverxencias xurdan con ocasión do exercicio profesional, correndo a cargo do colexiado os gastos e as custas xurídicas que o procedemento ocasione, salvo decisión contraria dos órganos de goberno no suposto de que estas reclamacións fosen de interese xeral.

f) Pertencer ás institucións de previsión e de axuda social, asistenciais, culturais e científicas de que estea dotada ou asistida a organización colexial.

g) Ter dereito a recibir formación profesional continuada.

h) Percibir honorarios.

i) Calquera outro dos dereitos que resulte recoñecido nestes estatutos.

Artigo 23. *Deberes dos colexiados.*

1. É deber fundamental de todo colexiado, mesmo cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, exercer a profesión conforme a máis pura ética e dentro do espírito que dimana destes estatutos e do Código Ético e Deontolóxico do Colexio da Coruña.

2. Son tamén deberes dos colexiados, mesmo cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, entre outros, os seguintes:

a) Axustar a súa actuación profesional ás exixencias legais e estatutarias da organización colexial, e someterse aos acordos vinculantes adoptados polos seus distintos órganos.

b) Satisfacer as cotas e as cargas, ordinarias e extraordinarias, na contía e no modo que o Colexio estableza.

c) Levar con máxima lealdade as relacións co Colexio e cos demais colexiados.

d) Velar pola calidade das súas prestacións e pola boa imaxe profesional, notificando ao Colexio a existencia de instalacións ilegais e de actividades contrarias á boa práctica e ao código deontolóxico de que tivesen coñecemento.

e) Axustar calquera actividade publicitaria relacionada co exercicio profesional ao disposto nas leis e nos códigos ético e deontolóxico da profesión ditados no seu desenvolvemento.

- f) Cumprir calquera requirimento que lles faga o Colexio en materia profesional.
- g) Xurar ou prometer, se é o caso, o cumprimento dos deberes dos cargos colexiais para os que puidese ter sido elixido.
- h) Por á disposición dos seus pacientes información sobre o enderezo postal, número de teléfono, número de fax e enderezo de correo electrónico en que o paciente poida interpoñer queixas ou reclamacións, que deberán, se é o caso, ser resoltas no prazo máximo dun mes, ou solicitar información sobre o servizo contratado ou ofertado.
- i) Comunicar ao Colexio, para os efectos de constancia nos seus expedientes persoais, ademais da información referida na letra h) anterior:
- Os cargos que se ocupen en relación coa profesión.
 - As actividades específicas, de carácter profesional, que desenvolvan, axeitadamente xustificadas.
 - Os cambios de residencia ou de domicilio profesional.
 - A denominación e o domicilio social das sociedades profesionais a través das cales exerzan, como socios ou non, a profesión, así como todos os demais aspectos destas previstos legalmente en caso de que este exercicio se efectúe como socio profesional.
 - Os enderezos dos consultorios propios ou por conta allea en que presten actividade ou asesoramento profesional.
- j) Absterse de exercer, conxuntamente coa profesión de odontólogo ou de estomatólogo, actividades que fosen declaradas incompatibles por unha norma con rango de lei en desenvolvemento do previsto na Lei de colexios profesionais.
- k) Calquera outro que se desprenda das prescricións destes estatutos, e das prescricións éticas, deontolóxicas e xurídicas que se achen en vigor, para o que será de aplicación o réxime sancionador que se recolla nestes estatutos.

3. En caso de que a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, esta tamén será directamente responsable do cumprimento dos referidos deberes.

Artigo 24. *Prohibicións aos colexiados.*

1. En xeral, prohibese expresamente aos colexiados, mesmo cando a profesión se exerza a través dunha sociedade profesional, realizar prácticas profesionais contrarias ao dis-

posto na lexislación vixente ou ás normas éticas, deontolóxicas e xurídicas da odontoloxía e a estomatoloxía, estipuladas nos seus códigos ético e deontolóxico e normativas de desenvolvemento.

2. Especificamente, todo colexiado se absterá de:

a) Ofrecer a eficacia garantida de procedementos curativos ou de medios persoais que non recibisen a confirmación de entidades científicas ou profesionais de recoñecido prestixio.

b) Empregar medios non controlados cientificamente para o tratamento dos pacientes.

c) Disimular ou finxir a aplicación de elementos diagnósticos e terapéuticos.

d) Efectuar manifestacións ou divulgar noticias en calquera forma que dean a entender os coñecementos, as técnicas, os resultados ou as calidades especiais, das que só quede deducir comparacións coa actividade profesional doutros colexiados, salvo que estas comparacións cumpran os requisitos previstos na lexislación en materia de publicidade que sexa aplicable, en cada momento, aos servizos sanitarios.

e) Realizar prácticas dicotómicas.

f) Desviar pacientes desde as consultas públicas de calquera índole cara ás consultas particulares, propias ou alleas, con fins lucrativos.

g) Tolerar ou encubrir de calquera forma a quen, sen título suficiente, ou non homologado, ou sen estar colexiado, exerza a odontoloxía ou a estomatoloxía.

h) Exercer a odontoloxía ou a estomatoloxía en calquera clínica, policlínica ou centro asistencial, sexa ou non da súa propiedade, no que teña coñecemento de prácticas ilegais por parte doutras persoas, mesmo cando se efectúen fóra da súa presenza e en horas distintas ás do seu exercicio profesional.

i) Permitir o uso de instalacións profesionais propias a persoas que, mesmo tendo título suficiente para exercer a odontoloxía ou a estomatoloxía, non se achen incorporadas a algún colexio do territorio nacional ou non efectuasen as comunicacións previstas na normativa aplicable en cada momento á prestación de servizos na Unión Europea, salvo a compañeiros foráneos para atender a familiares desprazados con eles, en situacións de urxencia.

j) Prestar o nome para figurar como director facultativo, responsable sanitario ou asesor de odontoloxía o estomatoloxía en clínicas, policlínicas ou centros asistenciais que non

dirixa e atenda ou asesore persoal e directamente, ou que non se axusten ás leis vixentes ou aos presentes estatutos, ou nas cales se violen as normas deontolóxicas.

k) Empregar fórmulas, signos ou linguaxes impropios da odontoloxía ou a estomatoloxía nas receitas, ou prescribir naquelas que leven nomes comerciais, de casas produtoras, ou indicacións que puidesen servir de anuncio ou publicidade, sempre que estas mencións non estivesen previstas nos modelos aprobados para o efecto.

l) Aceptar remuneracións ou beneficios de casas comerciais relacionadas coa odontoloxía ou a estomatoloxía en concepto de comisión, propaganda, provisión de clientes ou calquera outro motivo distinto dun asesoramento científico encomendado e conforme as normas vixentes, salvo que iso estivese permitido pola normativa aplicable en relación coa venda e distribución de medicamentos e produtos sanitarios.

m) Exercer a odontoloxía ou a estomatoloxía cando se evidencien alteracións orgánicas, psíquicas ou hábitos tóxicos, confirmables por recoñecemento médico, que o incapaciten para este exercicio.

n) Anunciar ou difundir publicitariamente prestacións de servizos que vulneren a lexislación vixente ou os preceptos establecidos nestes estatutos e no Código Ético e Deontolóxico do Colexio da Coruña.

ñ) Efectuar manifestacións públicas, ou a través dos medios de comunicación de calquera natureza, que poidan supoñer un perigo para a saúde bucal da poboación, ou un desprestixio para a organización colexial, os seus órganos de goberno ou para os colexiados.

o) Efectuar competencia desleal.

p) Emitir diagnósticos que comprendan tratamentos maiores dos que requira a realidade do paciente; así como sobretratamentos, ou que non sexan coincidentes entre o orzado e o realizado.

q) Permitir atencións a pacientes por parte de hixienistas, protésicos ou auxiliares de clínica en ausencia do facultativo colexiado.

r) Dirixir ou remitir pacientes a laboratorios de próteses dentais ou a instalacións sanitarias non legalizadas e acreditadas como consultorios ou clínicas dentais, para que nelas reciban prestacións de odontoloxía ou estomatoloxía.

s) Denegar auxilio e tratamento básico en situacións de emerxencia vital ou urxencia verosimilmente irreversible, mesmo sen o consentimento do afectado ou da familia.

t) Aceptar ditames ou imposicións de carácter clínico por parte de propietarios da consulta sen a debida cualificación profesional, e calquera outra de carácter técnico ou comercial, cando diso puidesen derivar prexuízos para a saúde, deficiencias terapéuticas ou minguas de calidade evitables e non expresamente aceptadas polo paciente, debidamente informado ao respecto.

u) Prescribir, empregar ou poñer en servizo produtos sanitarios non conformes coa lexislación vixente.

v) Realizar prescricións incompletas de próteses dentais, ou omitir e delegar nos protésicos dentais os actos de carácter clínico necesarios para a súa correcta fabricación e posta en servizo.

3. As referidas prohibicións tamén se aplicarán ás sociedades profesionais cando a profesión se exerza a través delas.

Artigo 25. *Diverxencias entre colexiados.*

As diferenzas de carácter profesional que puidesen xurdir entre colexiados serán sometidas á xurisdición e ulterior resolución da Xunta de Goberno do Colexio, debéndose abster os membros que estivesen involucrados nelas.

TÍTULO III Do exercicio profesional

CAPÍTULO I Dos consultorios dentais e a actividade profesional

Artigo 26. *Consultas, clínicas, policlínicas de odontólogos e estomatólogos.*

1. A actividade profesional realizarase preceptiva e exclusivamente en instalacións específicas e apropiadas, denominadas xenericamente consultas, clínicas ou policlínicas de odontoloxía ou estomatoloxía que poidan ser de titularidade privada ou pública, e deberán estar imperativamente:

- a) Axustadas á lexislación vixente, tanto estatal como autonómica.
- b) Autorizadas e rexistradas polas autoridades sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Organizadas, xestionadas e atendidas directa, persoal e exclusivamente por un profesional odontólogo e/ou estomatólogo colexiado.

2. Á parte dos requisitos legalmente previstos para os establecementos sanitarios onde se prestan servizos odontolóxicos ou estomatolóxicos, os colexiados están obrigados a cumprir os preceptos que, en relación coa súa actividade profesional, se especifican nos artigos seguintes.

Artigo 27. Identificación e rótulos.

Na antesala de espera do consultorio, consulta ou clínica dental, deberá colocarse un rótulo ou letreiro en que obrigatoriamente constará, cando menos, o nome do facultativo ou facultativos colexiado(s) responsable(s).

Artigo 28. Vixilancia, control e corrección dos deberes inescusables dos colexiados nas consultas dentais.

Co obxecto de previr e, se é o caso, detectar e denunciar ante as autoridades competentes para a súa debida corrección a existencia de solapamentos cronolóxicos ou incompatibilidades presenciais que imposibilitasen o cumprimento, por parte dos colexiados, da preceptiva atención directa e persoal aos pacientes nos actos facultativos, ou o labor de organización e de xestión das consultas, tamén directa e persoal, cando actuasen como responsables das instalacións, preceptúanse as seguintes normas:

1. Os colexiados deberán notificar á Xunta de Goberno, por escrito, a apertura de calquera clínica ou consultorio dental, no cal deixarán constancia de que cumpre os requisitos exixidos nestes estatutos.

2. A partir do momento en que comece a actividade profesional nunha nova instalación, todo colexiado queda obrigado a comunicar ao Colexio os horarios dos profesionais e os seus cambios posteriores.

3. O Colexio poderá habilitar unha base de datos coas clínicas ou consultorios dentais situados no ámbito territorial da súa xurisdición profesional, de modo que permita cruzar os horarios de traballo dos facultativos colexiados e detectar as simultaneidades.

4. Unha vez detectada ou coñecida a existencia dalgunha incompatibilidade horaria por parte dalgún facultativo, o Colexio abrirá un expediente informativo e dirixirase ao colexiado interesado, e poderá solicitar toda a información, debidamente localizada, dos datos necesarios para verificar estes aspectos.

5. Se as solicitudes de información non fosen atendidas, por negativa expresa ou por omisión, o Colexio estará facultado para realizar as inspeccións colexiais correspondentes, segundo o establecido no artigo seguinte, cuxas actas se incorporarán ao expediente.

6. Unha vez comprobada, de xeito que faga fe, a existencia de incompatibilidades horarias ou a vulneración dos preceptos estatutarios ao respecto, o Colexio propoñeralle por escrito, ao interesado, que adopte voluntariamente as correccións pertinentes nun prazo máximo de dez días hábiles.

7. Se a corrección non se efectuase ou non se obtivese resposta, e sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan de acordo cos presentes estatutos, a Comisión Permanente da Xunta de Goberno procederá preceptivamente a presentar denuncia da situación, acompañada das probas dispoñibles, ante as autoridades sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia, das cales poderá requirir unha inspección sanitaria e a adopción das medidas cautelares ou definitivas, previstas na normativa aplicable ás clínicas dentais.

8. O profesional (odontólogo/estomatólogo) que tivese asumida a responsabilidade sanitaria da clínica ou policlínica dental ou, na falta de constancia de ter sido substituído, o que tivese solicitado a autorización de apertura de clínica, será, para todos os efectos, o único responsable das infraccións estatutarias que puidesen cometerse nela, salvo que acreditase plenamente a súa imputabilidade a empregados ou a terceiras persoas que tivesen actuado sen intervención nin coñecemento do facultativo colexiado responsable.

9. Nas clínicas ou policlínicas dentais onde traballen varios profesionais, a responsabilidade do titular será compartida, desde o punto de vista disciplinario, con aquel outros colexiados que tivesen sido autores, cooperadores ou tolerantes coas infraccións estatutarias.

Artigo 29. Inspeccións polo Colexio nas consultas ou clínicas dentais.

1. O Colexio poderá realizar, de oficio ou por petición da parte interesada, sen que iso poida substituír ou interferir nas actuacións que vai realizar a autoridade competente en materia sanitaria, inspeccións colexiais para verificar o cumprimento dos aspectos que lle concirnen segundo estes estatutos, nas clínicas ou consultorios dentais situados no ámbito territorial da súa xurisdición profesional e, en particular, os referentes a:

- a) Horarios ao público da instalación.
- b) Horarios presenciais do seu director facultativo responsable.
- c) Horarios de todos os seus colexiados e habilitados que traballen nela.
- d) Presenza de rótulos e identificacións apropiadas dos facultativos, tanto exteriores como interiores.

e) Disponibilidade de documentos preceptivos en materia de prescrición de medicamentos e de produtos sanitarios.

f) Observancia de calquera precepto obxectivo, tanto estatutarios como previstos no Código Ético e Deontolóxico do Colexio da Coruña.

2. De maneira particular, o Colexio poderá inspeccionar toda a instalación clínica de nova creación, previamente á súa alta, para verificar que se reúnen os recursos humanos precisos para a súa apertura, e dará conta ao concello correspondente e á consellería do Goberno autonómico correspondente do resultado da visita.

3. No caso de que o colexiado, o habilitado ou o responsable da clínica se negase a permitir a entrada dos delegados do Colexio e este puidese acreditar con algún indicio a posible comisión de infraccións administrativas, o seu presidente poderá solicitar do xulgado correspondente un mandamento xudicial.

4. O Colexio pode ser facultado pola consellería correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia para desenvolver ou cooperar na inspección sanitaria dos consultorios dentais en todos os aspectos regulados pola lexislación vixente ao respecto, coas únicas restricións que, se é caso, determinase previamente a consellería responsable na súa delegación no Colexio.

5. A Xunta de Goberno determinará as persoas e a forma en que se realizará a inspección colexial, para o que observará, en todo caso, a lexislación vixente, e de conformidade co previsto nestes estatutos.

6. As inspeccións colexiais efectuaranse comparecendo o membro designado na clínica ou nas clínicas do colexiado sen necesidade de aviso previo, salvo nas inspeccións de apertura, onde se concertará día e hora co seu responsable facultativo.

7. Do resultado da inspección redactarase unha acta onde, sucintamente, se detallarán as súas circunstancias, e todas as anomalías que se observasen, en caso de habelas. Esta acta deberá ser asinada por todos os asistentes e, de se negaren a asinar, farase constar así.

8. As actas das inspeccións colexiais serán postas en coñecemento da Xunta de Goberno, e darase traslado delas á consellería competente.

9. Todos os colexiados e habilitados deberán facilitar o traballo de inspección nas dependencias, sen prexuízo dos dereitos constitucionais e legais ao respecto, e procurarán idéntica disposición nos seus empregados e/ou colaboradores da clínica dental.

10. A Xunta de Goberno poderá acordar posteriores inspeccións das clínicas dentais abertas ao público cando o considere necesario e, especialmente, cando:

- a) Exista constancia ou indicios de incumprimento das normas destes estatutos.
- b) Exista comisión de calquera falta contra a ética ou a deontoloxía profesional.
- c) Se reciba calquera denuncia fundada de feitos profesionalmente perseguibles.

11. O Colexio, a través da súa Xunta de Goberno, está facultado para crear un corpo propio de inspectores, ao cal se deberá acceder por concurso público para profesionais da odontoloxía ou estomatoloxía e que terán a retribución que estableza a propia Xunta de Goberno.

Artigo 30. *Actividade profesional.*

1. A actividade profesional é o exercicio de calquera actividade de prevención, de diagnóstico e de tratamento dos dentes, da boca, dos maxilares e dos tecidos anexos, incluída a rehabilitación mediante próteses, tanto se é a título oneroso ou gratuíto.

2. O exercicio profesional poderase desenvolver de forma individual ou colectiva.

3. O exercicio individual poderá desenvolverse por conta propia como titular dunha clínica ou por conta allea, baixo o réxime do dereito laboral, mediante contrato de traballo formalizado por escrito e no que se deberá respectar a liberdade ou a independencia básicas para o exercicio da profesión.

4. A forma colectiva en forma societaria rexeráse polo previsto nas leis. En ningún caso os colexios profesionais poderán, por si mesmos ou a través dos seus estatutos ou do resto da normativa colexial, establecer restricións ao exercicio profesional en forma societaria.

5. A actividade profesional deberase realizar preceptivamente de conformidade co establecido na lexislación sanitaria vixente estatal e/ou autonómica, nestes estatutos e no Código Ético e Deontolóxico do Colexio da Coruña.

6. Os colexiados gozarán de liberdade de aceptación de pacientes, salvo en situacións de urxencia e no exercicio por conta allea.

7. Os colexiados teñen dereito á liberdade terapéutica, sen prexuízo do deber de informar e recibir o consentimento previo dos pacientes ou responsables legais. Para estes efectos, enténdese por liberdade terapéutica a libre elección e a decisión de marcas, materiais e fabricantes de medicamentos e produtos sanitarios necesarios para as prestacións diagnósticas e terapéuticas.

CAPÍTULO II

Responsabilidade profesional

Artigo 31. *Responsabilidades dos Colexiados.*

No exercicio das súas funcións profesionais, os Colexiados poden incorrer en responsabilidade dos seguintes tipos:

a) Penal.

b) Civil.

c) Administrativa.

d) Social ou laboral.

e) Disciplinaria, de ámbito Colexial ou corporativo-Colexial que, en todo caso, acompañará a calquera das anteriores.

Artigo 32. *Responsabilidade penal.*

1. Os Colexiados están suxeitos a responsabilidade penal polos delitos ou faltas que cometan no exercicio da súa profesión.

2. O Colexio exercerá as accións legais que fosen oportunas cando tivese coñecemento de accións de natureza penal no exercicio profesional, tanto se os seus autores fosen Colexiados como se non.

Artigo 33. *Responsabilidade civil.*

1. Os Colexiados incorrerán en responsabilidade civil cando por dolo, culpa ou negligencia causasen prexuízos aos pacientes aos cales prestan servizos, no exercicio da súa profesión. As sociedades profesionais responderán solidariamente das actuacións dos profesionais que a integren de acordo co establecido no artigo 11 da mencionada Lei 2/2007, debendo estipular un seguro que cubra a responsabilidade en que poidan incorrer no exercicio da actividade Odontostomatolóxica.

2. Todo Colexiado en exercicio deberá dispoñer, xa sexa a través da póliza de seguro pactada polo Colexio, xa sexa a través dunha particular, da cobertura de posibles responsabilidades de orde civil.

3. En interese xeral da profesión, o Colexio dispoñerá dos servizos oportunos que tenden a realizar un labor de mediación e arbitraje, con laudo vinculante, nos supostos de queixas ou reclamacións con ocasión do exercicio profesional dos seus colexiados. En todo caso, o colexiado está obrigado a aceptar esta arbitraje con laudo vinculante cando os pacientes reclamantes estean conformes con el.

4. Para os efectos de posibilitar o cumprimento do parágrafo anterior, o Colexio recibirá toda clase de comunicacións que, por escrito, ou por medio de comparecencia ante a Secretaría do Colexio, formulen os colexiados, pacientes ou entidades, sempre que estean relacionados con temas odontolóxicos/estomatolóxicos ou co exercicio profesional.

Artigo 34. Responsabilidade administrativa e responsabilidade social ou laboral.

Os colexiados, no exercicio da profesión, poden incorrer en responsabilidade de tipo administrativo, ou de tipo laboral ou social, con motivo do exercicio da profesión, cando incumpran obrigas legais destas materias.

Artigo 35. Responsabilidade disciplinaria ou de ámbito colexial.

1. Os colexiados son corporativamente responsables:

a) Por comisión de falta moi grave, cando no exercicio da súa profesión incorran en responsabilidade penal, establecida en condena firme.

b) Por comisión de falta grave, cando no exercicio da súa profesión incorran en responsabilidade civil por dolo, culpa o negligencia, establecida en sentenza firme, e rexeiten a corrección voluntaria da súa responsabilidade ante o paciente.

c) Da inadecuación á normativa vixente das instalacións nos consultorios onde presten servizos, sen prexuízo da responsabilidade administrativa ou doutra índole en que poidan incorrer se ademais desempeñan a súa dirección clínica.

2. Os colexiados tamén incorrerán en responsabilidade disciplinaria de carácter corporativo-colexial no exercicio da súa profesión se vulneran os preceptos e as prohibicións recollidos nestes estatutos, nos da organización colexial da odontoloxía e a estomatoloxía e en cantas normas os desenvolvan, con especial atención ao disposto no Código Ético e Deontolóxico do Colexio da Coruña.

3. A responsabilidade corporativo-colexial substanciarase de conformidade co disposto no réxime sancionador, recollido nos presentes estatutos.

TÍTULO IV
Órganos de goberno e funcionamento

CAPÍTULO I
Estrutura orgánica

Artigo 36. *Órganos de goberno.*

Órganos de goberno do Colexio:

A Asemblea de colexiados.

O Presidente do Colexio.

A Xunta de Goberno en pleno.

A Comisión Permanente da Xunta de Goberno.

1. Son órganos colexiados:

A Asemblea Xeral de colexiados, que é o órgano soberano coa máxima autoridade do Colexio.

A Xunta de Goberno, que é un órgano encargado da dirección e da administración do Colexio, con suxeición ao establecido nestes estatutos e aos acordos válidos da Asemblea de colexiados, pode asumir en calquera momento as funcións propias da Comisión Permanente. Está constituída pola totalidade dos órganos unipersoais.

A Comisión Permanente, á cal lle corresponden as funcións executivas ordinarias e de trámite, así como as que lle fosen delegadas pola Xunta de Goberno. Está constituída polo presidente ou vicepresidente, o secretario e o tesoureiro, un dos cales podería ser, ocasionalmente, substituído polo vogal en quen delegase.

2. Órgano unipersoal:

O Presidente do Colexio

CAPÍTULO II
Da Asemblea de colexiados

Artigo 37. *Autoridade da Asemblea Xeral de colexiados e obrigatoriedade dos seus acordos.*

A Asemblea Xeral de colexiados, constituída pola totalidade dos colexiados reunidos, é o órgano soberano que asume a máxima autoridade do Colexio e, como tal, obriga en

todos os seus acordos a todos os colexiados, mesmo os ausentes, disidentes e os que se absteñan.

Artigo 38. Reunións da Asemblea de colexiados.

1. A Asemblea Xeral convocarase, preceptivamente, como mínimo, unha vez ao ano no primeiro trimestre de cada ano natural, para someter respectivamente a aprobación.

a) As contas e a xestión da Xunta de Goberno correspondentes ao ano anterior.

b) Os orzamentos e os obxectivos do próximo.

2. A Asemblea Xeral poderase reunir, con carácter extraordinario, cantas veces sexa preciso, ben por proposta do presidente, ben cando así o soliciten o 30% dos seus compoñentes, caso en que deberán incorporar na solicitude a orde do día que propoñan.

3. A orde do día será fixada pola Xunta de Goberno, incluíndo os puntos propostos polo 30% de colexiados que, se é o caso, solicitasen convocatoria extraordinaria.

4. A Asemblea deberá ser convocada cunha antelación mínima de 15 días naturais, salvo en casos de urxencia, en que pode ser convocada no prazo de 48 horas, debendo garantirse a publicidade adecuada para o efecto, a través de calquera medio do ámbito territorial do Colexio.

5. Para que a constitución da Asemblea sexa válida requirirase, en primeira convocatoria, a asistencia a ela da metade máis un de todos os colexiados, ou dos compromisarios. En segunda convocatoria, constituirase validamente cos asistentes que houbese, calquera que sexa o seu número.

6. Os votos dos colexiados con exercicio terán valor dobre que os dos colexiados sen exercicio e honoríficos.

Artigo 39. Moción e voto de censura.

1. A Asemblea Xeral poderá acordar o cesamento da Xunta de Goberno ou de calquera dos cargos unipersoais mediante a adopción de voto de censura.

2. A petición deberá ser subscrita, cando menos, polo 30% da colexiación, expresando con claridade as razóns en que se funde. Presentada a petición, o presidente deberá convocar a Asemblea no prazo máximo dun mes e con quince días de antelación á súa realización. De non facelo neste prazo, quedará facultado para convocala o membro con maior antigüidade como colexiado de entre os solicitantes da moción ou, en caso de empate, o de maior idade.

3. Para que prospere o voto de censura deberase obter a favor dela máis da metade dos votos posibles da totalidade da colexiación. De existir esta maioría, os membros censurados cesarán nos seus cargos.

4. En caso de se producir por censura as vacantes nos cargos unipersoais sinaladas no parágrafo 3 do artigo 54, toda a Xunta cesará no seu mandato e constituirase interinamente unha Xunta Xestora, que deberá convocar eleccións nun prazo máximo de 15 días.

Artigo 40. Composición e funcións da Xunta Xestora.

1. A Xunta Xestora estará composta por cinco colexiados en exercicio da Asemblea:

a) O de maior idade, que asumirá a súa Presidencia.

b) O de maior antigüidade (ou o seguinte, se coincidise no anterior), que asumirá a Tesouraría.

c) O colexiado máis novo, que actuará como secretario.

d) Dous colexiados elixidos por sorteo.

2. Ata a toma de posesión da nova Xunta de Goberno, a Xestora asumirá en funcións o papel desta.

3. A integración na Xunta Xestora ten para os seus membros o carácter de obriga colexial ineludible.

CAPÍTULO III Dos cargos unipersoais

O presidente.

Artigo 41. Réxime de garantía dos cargos unipersoais.

Dada a natureza de corporación de dereito público, recoñecida pola lei e amparada polo Estado e a comunidade autónoma, o cumprimento das obrigas correspondentes aos cargos electivos unipersoais do Colexio terá, para os efectos corporativos e profesionais, a consideración e carácter de deber colexial inescusable.

Artigo 42. Facultades dos cargos unipersoais.

A designación para un cargo unipersoal do Colexio faculta o seu titular para exercelo libremente durante o seu mandato, coas seguintes atribucións:

a) Expresar libremente as súas opinións nas materias que se refiren á esfera da representación colexial.

b) Promover as accións que procedan para a defensa dos dereitos e dos intereses colexiais confiados ao seu cargo.

c) Reunirse cos restantes membros dos órganos de goberno corporativo, conforme as normas estatutarias, para deliberar, acordar e xestionar sobre temas de actividade colexial.

d) Ser protexido contra calquera acto de usurpación, abuso ou inxerencia que afecte o libre exercicio da súa función.

e) Obter dos órganos colexiais competentes a información, o asesoramento e a cooperación necesarios nas tarefas do seu cargo.

f) Dispoñer, na medida aplicable en cada caso, das facultades precisas para interromper a súa actividade profesional, cando as exigencias da súa representación colexial así o impoñan.

Artigo 43. *Ausencias e desprazamentos dos cargos unipersoais.*

1. A asistencia dos cargos electivos de representación ás reunións regulamentariamente convocadas polas entidades colexiais terá os efectos sinalados, se é o caso, polas disposicións vixentes.

2. O Colexio, ao cursar as convocatorias que correspondan en uso das súas facultades, procurará moderar as ausencias de maneira que se produzan as mínimas perturbacións. En todo caso, o órgano unipersoal deberá dar conta á autoridade correspondente da necesidade de ausencia no posto de traballo, xustificando co texto da convocatoria o motivo da falta de presenza e anunciándoo coa máxima antelación posible.

Artigo 44. *Incompatibilidades dos cargos unipersoais.*

O desenvolvemento de cargos unipersoais no Colexio terá as incompatibilidades que recolla a lexislación vixente.

Artigo 45. *Do presidente.*

1. Ao presidente correspóndenlle os seguintes cometidos:

a) Velar polo cumprimento:

Dos estatutos, das prescricións regulamentarias e dos acordos e disposicións vinculantes que diten o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Odontólogos e Estomatólogos de España e o Consello Autonómico.

Dos acordos das asembleas xerais e da Xunta de Goberno, así como das disposicións vinculantes que diten as autoridades sobre a súa competencia.

b) Representar o Colexio en toda clase de actos e contratos e ante as autoridades, xulgados e tribunais de calquera xurisdición, nomeando, en caso de litixio, o avogado e o procurador que considere oportuno.

c) Convocar e presidir os órganos colexiados, na forma establecida.

d) Levar a dirección superior do Colexio, con facultade para decidir nos casos urxentes que non sexan competencia da Asemblea Xeral, debendo informar das súas decisións á Xunta de Goberno na primeira reunión que teña lugar.

e) Autorizar os informes e as comunicacións que se dirixan a autoridades, a corporacións ou a particulares.

f) Visar as certificacións que expida o secretario.

g) Autorizar as contas bancarias, as imposicións que se fagan e os talóns ou cheques para retirar cantidades.

h) Autorizar os pagamentos, con cargo aos fondos do Colexio, mediante sinatura mancomunada co tesoureiro ou outro membro da Xunta de Goberno autorizado por este.

i) Retirar os fondos das contas correntes, unindo a súa sinatura á do tesoureiro ou outro membro da Xunta de Goberno autorizado por este.

j) Outorgar poderes para preitos en accións xudiciais previamente aprobadas pola Xunta de Goberno.

k) Expedir os nomeamentos acordados pola Xunta de Goberno, ou pola Asemblea Xeral ou de compromisarios.

l) Calquera outro sinalado nestes estatutos.

m) Asumir a dirección dos servizos: Xerencia, Asesoría Xurídica e Administración do Colexio, nos cales exercerá a xefatura orgánica do persoal.

2. Para o cumprimento dos fins mencionados e calquera dos outros que lle fosen encomendados, o Presidente gozará de plena autoridade, e as súas resolucións serán cumpridas sen prexuízo das reclamacións que contra elas se poidan elevar polas canles que establezan as leis e a normativa profesional.

3. As disposicións adoptadas polo presidente no exercicio das súas funcións, segundo as facultades que lle conceden estes estatutos, deberán ser acatadas, sen prexuízo das reclamacións que contra elas procedan.

CAPÍTULO IV

Da Xunta de Goberno e da Comisión Permanente

Artigo 46. Da Xunta de Goberno.

1. A Xunta de Goberno é o órgano encargado da dirección e administración do Colexio, con suxeición ao establecido nestes estatutos.

2. A Xunta de Goberno reunirse en pleno ordinariamente unha vez ao bimestre, como mínimo, e extraordinariamente cando o solicite cando menos un terzo dos seus membros, ou as circunstancias o aconsellen, sempre por proposta do presidente.

3. As convocatorias para as reunións da Xunta de Goberno faraaas o secretario, logo de mandato do presidente, que fixará a orde do día, con oito días de antelación, cando menos. Non obstante, ao comezo de cada reunión da Xunta Directiva poderase ampliar a orde do día se existe unanimidade destes.

4. As convocatorias trasladaranse aos membros da Xunta de Goberno por calquera medio de comunicación preferentemente escrito, e irán acompañadas da orde do día correspondente.

5. O presidente terá facultade de convocar, en calquera momento, cunha antelación de 24 horas, con carácter de urxencia, a Xunta de Goberno, cando as circunstancias así o exixan.

6. Os acordos tomaranse por maioría simple dos asistentes; en caso de empate na votación, decidirá, con voto de calidade, o presidente.

7. As deliberacións da Xunta de Goberno teñen carácter reservado, polo que só é preceptivo trasladar á acta:

a) Os contidos.

b) Os acordos.

c) Os votos particulares ou observacións que calquera dos cargos unipersoais queira deixar expresamente reflectidos.

8. A Xunta de Goberno é competente para elaborar e aprobar un regulamento que regule as súas reunións e outros aspectos do seu funcionamento.

Artigo 47. Da Comisión Permanente.

1. A Comisión Permanente é o órgano encargado da execución dos acordos da Asemblea Xeral, e da Xunta de Goberno, e preparatorio das reunións desta. Tamén poderá asumir, por delegación, decisións propias da Xunta de Goberno, sempre que teñan carácter automático ou de trámite e estean perfectamente regulamentadas ou estruturadas.

2. A Comisión Permanente reunirse cando o considere oportuno o presidente, para o seguimento do cumprimento dos acordos.

3. As reunións serán convocadas polo secretario, cando menos, con tres días de antelación, logo de mandato do presidente, que fixará a orde do día correspondente.

4. A Comisión Permanente non poderá tomar outros acordos que os que expresamente lle delegase a Xunta de Goberno, coas maiorías cualificadas que esta lle determine para cada cuestión transferida.

CAPÍTULO V

Dos demais cargos da Xunta de Goberno

Artigo 48. Do vicepresidente.

O vicepresidente levará a cabo todas aquelas funcións que lle confira o presidente, asumindo automaticamente as deste en caso de ausencia, enfermidade, morte, abstención ou recusación, sen necesidade de xustificación ante terceiros.

Artigo 49. Do secretario.

Independentemente das outras funcións que derivan destes estatutos, das disposicións vixentes e das ordes emanadas da Presidencia, corresponden ao secretario as seguintes:

- a) Preparar a redacción de asuntos que sirvan ao presidente para determinar a orde do día de cada convocatoria.
- b) Conservar, ordenar e custodiar a documentación do Colexio.
- c) Redactar, custodiar e asinar as actas de todas as reunións dos órganos de goberno e de participación e asesoramento do Colexio.

- d) Expedir as certificacións de oficio ou por instancia da parte interesada.
- e) Expedir e tramitar comunicacións e documentos, dando conta destes ao presidente.
- f) Cumprir e facer cumprir as decisións do presidente nos acordos das xuntas.
- g) Levar os libros de actas das reunións e o libro rexistro das sociedades profesionais.
- h) Convocar, por orde do presidente, as reunións da Comisión Permanente, da Xunta de Goberno, da Asemblea Xeral ou de compromisarios, e de todos os órganos de participación e asesoramento do Colexio.
- i) Recibir todas as comunicacións e solicitudes que se dirixan ao Colexio, dando conta delas ao presidente e/ou a Xunta de Goberno, segundo o caso.
- j) Redactar e organizar todo tipo de comunicacións da Comisión Permanente, da Xunta de Goberno e da Asemblea Xeral.
- k) Exercer as funcións que non estean especificamente atribuídas aos demais com-
poñentes da Xunta de Goberno, e calquera outra que, mesmo estando atribuída a outros
cargos unipersoais, lle sexa delegada.
- l) Actuar de secretario en todas as comisións e seccións colexiais.
- m) Calquera outra sinalada nos estatutos.

Artigo 50. *Do tesoureiro.*

Correspóndelle ao tesoureiro:

- a) Dispoñer do necesario para que a contabilidade do Colexio se leve conforme as nor-
mas fixadas pola lexislación vixente, as disposicións estatutarias e o seu desenvolvemento,
e de acordo coas instrucións ditadas polos organismos superiores da organización colexial.
- b) Asinar os libramentos que sexan autorizados coa sinatura do presidente da corporación.
- c) Autorizar os cheques e os talóns das contas correntes bancarias coa sinatura do pre-
sidente ou persoa autorizada por el.
- d) Formular anualmente a Conta Xeral da Tesouraría, que someterá á aprobación da
Xunta de Goberno e á Asemblea Xeral.

e) Redactar o proxecto de orzamento, que será aprobado pola Xunta de Goberno e pola Asemblea Xeral.

f) Subscribir o balance que da contabilidade se deduza, efectuando os arqueos que correspondan dunha maneira regular e periódica.

g) Nomear o membro da Xunta que eventualmente deba substituílo por ausencia ou enfermidade.

h) Calquera outro sinalado nestes estatutos.

Artigo 51. *Dos vogais.*

1. Corresponde a cada vogal as funcións que lle encomende a Xunta de Goberno.

2. Os vogais–presidentes das comisións colexiais permanentes ocuparanse de xestionar e coordinar as actividades das respectivas comisións e de presidir as súas reunións.

Artigo 52. *Delegación de cometidos.*

A Xunta de Goberno poderá acordar a contratación dun xerente, que terá as atribucións e as facultades que se determinen neste acordo, coas limitacións establecidas nestes estatutos e na demais normativa aplicable.

Artigo 53. *Duración e causas de cesamento dos cargos.*

1. O mandato dos cargos unipersoais será de catro anos, computados a partir da data da súa toma de posesión, podendo ser indefinidamente reelixidos.

2. Os cargos unipersoais cesarán polas seguintes causas:

a) Falta de concorrencia ou perda dos requisitos estatuarios para desenvolver o cargo.

b) Renuncia do interesado.

c) Falta de asistencia reiterada ás sesións da Xunta de Goberno e logo de acordo desta.

d) Convocatoria de eleccións á Xunta de Goberno en calquera dos supostos en que estea prevista.

e) Aprobación de moción de censura consonte as normas destes estatutos.

f) Nomeamento para un cargo de carácter executivo no Goberno, na Administración pública central, autonómica, local ou institucional, noutros colexios profesionais ou en partidos políticos.

g) Sanción disciplinaria grave ou moi grave, recaída por resolución administrativa ou xudicial firme.

Artigo 54. Vacante de cargos durante un mandato.

1. De quedar vacante a Presidencia, asumirá as súas funcións o vicepresidente durante o período que reste de mandato.

2. De quedar vacante calquera outro cargo, incluído o de vicepresidente cando este debese asumir a Presidencia, a Xunta de Goberno nomeará, en funcións, un dos seus membros ou calquera outro colexiado que reúna as correspondentes condicións de elixibilidade para ocupalo ata a finalización do período de mandato, ben que os correspondentes nomeamentos non serán firmes ata a súa ratificación pola Asemblea Xeral, á cal se deberá formular a proposta na súa reunión inmediatamente seguinte.

3. De se produciren vacantes que supoñan a metade máis un dos cargos da Xunta de Goberno, ou quedaren vacantes simultaneamente os cargos de presidente e de vicepresidente, abrírase, de forma inmediata, o correspondente proceso electoral.

CAPÍTULO VI Outros órganos

Artigo 55. Órganos de participación e asesoramento.

Serán:

- a) As comisións colexiais, permanentes ou accidentais.
- b) As seccións colexiais, permanentes ou accidentais.

Artigo 56. Comisións colexiais.

1. O Colexio poderá constituír, por acordo asembleario ou da súa Xunta de Goberno, comisións colexiais, permanentes ou accidentais, de carácter funcional, para atender selectivamente actividades concretas de interese para toda a colexiación.

2. As comisións serán presididas e xestionadas por un cargo unipersoal da Xunta de Goberno.

3. As comisións terán os cometidos que lle asigne a Xunta Directiva.

4. A Xunta de Goberno, por proposta dos presidentes das comisións, nomeará os seus restantes membros que, de non ser membros da Xunta de Goberno, se denominarán vogais adxuntos, ata un máximo de doce, nas permanentes, e de seis, nas accidentais, ademais do seu secretario, que será o secretario xeral do Colexio ou o membro da Xunta de Goberno en quen este delegue.

Artigo 57. Seccións colexiais.

1. O Colexio poderá constituír, por acordo assembleario ou da súa Xunta de Goberno, seccións colexiais, de carácter funcional, para atender selectivamente actividades concretas de interese para unha parte da colexiación.

2. Á fronte de cada sección haberá un presidente, que será nomeado pola Xunta de Goberno para un mandato coincidente co desta.

3. A Xunta de Goberno, por proposta dos presidentes das seccións, designará os restantes membros do seu grupo de traballo que, de non pertencer á Xunta de Goberno, se denominarán vogais adxuntos, todos eles pertencentes á sección correspondente, ata un máximo de cinco, ademais do seu secretario, que será o secretario xeral do Colexio ou o membro da Xunta de Goberno en que este delegue.

TÍTULO V

Réxime electoral

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 58. Causas de convocatoria de eleccións e competencia.

1. Convocaranse eleccións nos casos seguintes:

a) Cando finalice o período de mandato de catro anos que se establece para os cargos da Xunta de Goberno. Neste caso, a Xunta deberá convocar eleccións dentro do último mes do seu mandato electoral.

b) Cando, por razóns xustificadas apreciadas pola maioría da Xunta de Goberno, esta considere necesario a convocatoria de eleccións aos cargos unipersoais.

c) Cando queden vacantes os cargos da Xunta a que se refire o número 3 do artigo 51 destes estatutos.

d) Cando prospere o voto de censura a que se refire o número 4 do artigo 56.

2. A competencia para convocar eleccións aos cargos da Xunta de Goberno do Colexio correspóndelle:

a) Á propia Xunta de Goberno, nos supostos a) e b) do punto anterior.

b) Á Xunta xestora, nos supostos c) e d) do mencionado punto.

Artigo 59. *Condicións.*

1. Serán condicións para ser elixidos e desenvolver cargos da Xunta de Goberno: ter a nacionalidade española, sen prexuízo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos e dos criterios de reciprocidade con outros países, estar colexiado no Colexio da Coruña, estar no exercicio da profesión, estar ao corrente de todas as obrigas corporativas, non acharse afectado por prohibición ou por incapacidade legal ou estatutaria nin estar sometido a expediente.

2. En todo caso, exixiranse, en especial, os seguintes requisitos:

a) Para ser presidente e vicepresidente da Xunta Directiva, levar un mínimo de dez anos no exercicio profesional e colexiación neste Colexio.

b) Para ser secretario, dez anos de iguais condicións.

c) Para os demais cargos bastará con dous anos de exercicio profesional e a colexiación neste Colexio.

Artigo 60. *Candidaturas.*

a) As candidaturas poderanse presentar individuais a cada cargo concreto ou por candidaturas pechadas a todos ou algúns cargos, sempre avaladas por un vinte e cinco por cento do censo colexial, e formalizadas por escrito dentro do prazo sinalado na convocatoria.

b) Ningún candidato se poderá presentar a máis dun cargo na mesma convocatoria.

Artigo 61. *Eleccións.*

A elección será directa entre todos os colexiados inscritos no Colexio no momento de se convocar as eleccións, e deberá estar presidida polos principios de igualdade e transparencia.

Artigo 62. Convocatoria.

1. A convocatoria para eleccións a membros da Xunta Directiva do Colexio corresponderá ao Pleno da Xunta Directiva do Colexio, e sinalará os prazos para a presentación das candidaturas, establecendo un prazo non inferior a vinte días naturais, contados a partir da convocatoria, para a presentación dos candidatos. Tamén fixará a data da votación e a forma do proceso electoral, que deberá concluír no prazo máximo de dous meses desde o peche do prazo de presentación de candidaturas.

2. A mesma convocatoria designará, ademais, a Mesa Electoral, que terá a misión de levar a termo todo o proceso electoral, vixiando o exacto cumprimento dos prazos e requisitos previstos, resolvendo cantos recursos se presenten e subscribindo as actas necesarias que, ao rematar o proceso electoral, serán depositadas na Secretaría do Colexio para formar parte da documentación colexial, baixo a custodia do secretario.

Artigo 63. Xunta en funcións.

Convocadas eleccións, os compoñentes da Xunta Directiva convocante que se presenten ás eleccións seguirán dirixindo o Colexio en funcións ata a toma de posesión da Xunta que resulte elixida no proceso electoral que comeza.

Artigo 64. Mesa Electoral.

1. A Mesa electoral constituirase o día e a hora que sinale a convocatoria, e estará constituída por un presidente, que será un membro da Xunta Directiva non candidato, e por dous colexiados que exerzan, como vogais, que serán o máis antigo e o de incorporación máis recente, correndo a quenda aos seguintes no suposto que estes renunciem por causa xustificada; así como polo secretario da Xunta Directiva, se tampouco é candidato, ou outro membro desta, se é o caso. Nomearanse, así mesmo, os suplentes da respectiva Mesa.

2. Se non houberse membros da Xunta Directiva que puidesen ser nomeados presidente e secretario para constituír a Mesa na forma establecida no número anterior, nomearanse como presidente e/ou secretario os colexiados exercentes de maior antigüidade na colexiación, designados pola Xunta Directiva.

3. Os membros da Mesa Electoral non poderán ser candidatos nesas eleccións.

4. A Mesa Electoral redactará a acta da aceptación do seu cargo e de cada unha das súas reunións ata que estas conclúsen, proclamando os elixidos.

Artigo 65. *Proclamación de candidatos.*

1. Ao día seguinte da expiración do prazo para presentar candidaturas, reunida a Mesa Electoral, proclamarase a relación dos candidatos que reúnan as condicións de elixibilidade, redactando a acta en que constarán, motivadamente, as causas de exclusión do candidato ou candidatos. Se existise un só candidato válido para un cargo, será proclamado electo sen máis. A listaxe será publicada no taboleiro de anuncios do Colexio e naqueles outros medios de que dispoña, como a páxina web.

2. Nun prazo de setenta e dúas horas da publicación das candidaturas proclamadas no taboleiro de anuncios, os candidatos que non fosen aceptados poderán presentar escrito de alegacións impugnando a súa exclusión, solicitando a modificación do acordo e a súa admisión como candidatos; a Mesa Electoral resolverá no prazo dos dous días seguintes, inseríndoos na listaxe, se a resolución fose favorable, ou denegándoo definitivamente, sen prexuízo de que os afectados poidan formular os recursos establecidos nestes estatutos.

3. Aprobadas as candidaturas, os admitidos poderán designar, mediante escrito dirixido á Mesa, interventor para a elección, quen terá dereito a participar, unha vez aceptado o nomeamento, en todos os actos electorais, presentando as reclamacións, os recursos e as alegacións que considere pertinentes, e asinando as actas que se redacten.

Artigo 66. *Propaganda electoral.*

1. Os candidatos poderán realizar as actividades e a propaganda electoral que considere pertinentes, sempre que non supoñan descrédito ou falta de respecto persoal aos demais candidatos, ou atente directamente contra estes estatutos, os do Consello Galego ou Consello Xeral de Dentistas de España, ou o Código Deontolóxico e Ético Profesional. O quebrantamento desta obriga motivará que a Xunta Electoral exclúa o candidato, podendo solicitar asesoramento por parte da Comisión Deontolóxica do Colexio da Coruña.

2. O acordo de exclusión poderá ser impugnado na mesma forma expresada no artigo 65.

3. A Mesa Electoral, con cargo ao Colexio, será a encargada de emitir as papeletas electorais e os sobres para o voto tanto directo como por correo, únicas válidas para o proceso electoral. Tamén con cargo ao Colexio proporcionará aos candidatos ou ás candidaturas que o soliciten as listaxes dos colexiados con dereito a voto.

4. As papeletas serán iguais, e conterán os nomes e os apelidos de todos os candidatos, ben sexa os incluídos nas candidaturas pechadas, ou ben individualmente, con indicación do cargo a que se presentan.

CAPÍTULO II

Procedemento, proclamación de electos e toma de posesión*Artigo 67. Votación.*

1. O acto electoral realizarase o día e o lugar sinalados na convocatoria, e desenvolve-rase das 16.00 ás 20.00 horas. O voto non será delegable.

2. Terase en consideración:

a) O voto poderá ser emitido persoalmente, o día da elección, ou por correo certificado mediante as papeletas na forma dita no artigo anterior.

b) No suposto de voto por correo, o colexiado que desexe utilizar este procedemento de-berá solicitalo persoalmente na Secretaría do Colexio, e utilizará para exercer o seu dereito a votar a papeleta oficial facilitada pola Xunta de Goberno, a cal, asinada polo secretario do Colexio, levará unha numeración correlativa que permita remitila ou entregala ao solicitante ou ao seu representante designado en forma legal por orde de solicitude; esta papeleta, convenientemente dobrada, introducirase no sobre tamén oficial facilitados ambos os dous polo Colexio, sen ningunha outra anotación.

c) O sobre así pechado co voto no interior introducirase, pola súa vez, noutro de maior tamaño ao cal se xuntará un escrito asinado polo colexiado dirixido á Mesa Electoral en que exprese o seu desexo de emitir o voto por correo, acompañado de fotocopia do seu documento nacional de identidade ou do carné colexial, e enviarase por correo certificado con xustificante de recepción, facendo constar no sobre pola súa parte exterior «contén voto para a elección da Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Odontólogos e Esto-matólogos da Coruña».

d) Este sobre terá entrada na Secretaría do Colexio con corenta e oito horas, como mínimo, de antelación ao comezo da votación, rexistrarse de entrada no libro correspon-dente, e será entregado ao secretario da Mesa Electoral, quen custodiará os sobres, sen abrilos, para poñelos á disposición da Mesa no momento de se iniciar a votación en que se procederá á súa apertura e a depositar os votos na urna ao termo da elección individual. Os sobres que cheguen á Secretaría do Colexio despois de finalizado o prazo indicado serán destruídos sen abrilos, e farase constar na acta a incidencia con todo detalle.

e) Con este fin, a Xunta de Goberno en funcións poñerá á disposición dos colexiados impresos de solicitude de voto por correo, as papeletas para a votación coas distintas candidaturas, e o sobre para a remisión do voto por correo, que serán entregados aos co-lexiados que o soliciten.

3. Á hora e no lugar previsto para a votación a Mesa Electoral instalará unha urna, e no lugar onde se asegure intimidade da votación, dispoñeranse as papeletas oficiais que serán utilizadas polos votantes, que as introducirán persoalmente na urna, logo da súa identificación ante a Mesa.

4. A Mesa resolverá todas as incidencias que acontezan durante a realización do acto.

5. O voto persoal anulará o emitido por correo, polo que, a Mesa Electoral comprobará na listaxe de colexiados esta circunstancia previamente a que se introduzan os votos por correo.

6. Finalizada a votación, procederase seguidamente ao escrutinio dos votos emitidos. Declararanse nulas as papeletas que conteñan as expresións alleas á votación, ou veñan riscadas ou emendadas, ou vote por unha persoa que non sexa candidata. Igualmente, aquelas que sexan distintas ás editadas pola Mesa Electoral. En ningún caso se poderá anular parcialmente unha papeleta.

7. Do desenvolvemento da votación e do resultado do escrutinio redactarase a acta que será asinada por todos os membros da Mesa e os interventores que estean presentes no escrutinio. Unha copia inserirase no taboleiro de anuncios do Colexio, así como na páxina web.

8. Se se producise un empate a votos para calquera dos cargos da Xunta Directiva, resolverase en favor do colexiado de maior antigüidade.

Artigo 68. *Impugnación.*

1. Dentro das corenta e oito horas seguintes á proclamación de elixidos, poderase, por escrito, impugnar a totalidade do acto electivo ou solicitar as correccións de erros cometidos.

2. A Mesa Electoral resolverá no prazo dos dous días seguintes a impugnación accedendo ou denegando o solicitado. No primeiro caso, poderá invalidarse, se procedese, a elección, e convocarase novamente, dentro dos quince días seguintes, ou realizaranse, en todo caso, as correccións que non afecten o fondo da elección. En caso de denegación da impugnación, os recorrentes poderán utilizar os recursos na forma establecida nestes estatutos.

3. Contra a resolución definitiva da Mesa Electoral poderanse interpoñer os recursos establecidos nos presentes estatutos e na Lei de procedemento administrativo común. A interposición dos recursos non paralizará a toma de posesión da nova Xunta Directiva elixida e o cesamento da xunta en funcións.

Artigo 69. *Proclamación.*

Unha vez transcorridos os prazos previstos sen impugnación, ou resoltos definitivamente pola Mesa Electoral os recursos interpostos resolvendo definitivamente a elección,

a Mesa Electoral expedirá os correspondentes nomeamentos que obtivesen a maioría de votos, e comunicaraos ao Consello Xeral, á comunidade autónoma, e ao Consello Galego.

Artigo 70. Toma de posesión.

Dentro dos trinta días desde a elección, os candidatos elixidos tomarán posesión, e redactarase a correspondente acta, que asinarán os membros saíntes, entrantes e o resto dos membros da Xunta Directiva, se os houbese.

TÍTULO VI

Contratación de persoal e servizos

CAPÍTULO ÚNICO

Principios xerais

Artigo 71. Contratación de servizos.

1. O Colexio contará cunha Asesoría Xurídica.

2. A Asesoría Xurídica coidará da adecuación a dereito das resolucións, expedientes e actuacións, en xeral, dos órganos de goberno e, con esta finalidade, emitirá os informes ou os ditames que lle sexan requiridos pola Xunta de Goberno.

3. O Colexio poderá contar cunha Asesoría Fiscal e Económica que se ocupará de vixiar a adecuación dos libros e dos documentos contables ás formalidades legais, e do cumprimento das obrigas fiscais e tributarias dentro dos seus respectivos prazos e formalismos.

4. O Colexio tamén poderá contratar outros servizos e obras para accións concretas, sempre que dispoña da partida orzamentaria específica.

5. A Xunta de Goberno poderá nomear, con carácter eventual ou permanente, cantos asesores e consultores decida, establecendo a súa remuneración económica e a dedicación laboral.

Artigo 72. Contratación de persoal administrativo e laboral.

1. O Colexio poderá contratar o persoal administrativo e laboral que considere necesario para o seu correcto funcionamento e para o cumprimento dos seus fins, incluído un xerente, subordinado organicamente ao presidente.

2. A ampliación do cadro de persoal requirirá a consolidación dunha asignación orzamentaria que deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.

3. A Xunta de Goberno é competente para a contratación de carácter eventual, por duración non superior a un ano, de todo tipo de persoal e de servizos, de acordo cos orzamentos económicos aprobados pola asemblea para a anualidade correspondente.

Artigo 73. Dependencia funcional e orgánica do persoal contratado.

O persoal contratado polo Colexio depende orgánica e funcionalmente do presidente.

TÍTULO VII Réxime económico e patrimonial

CAPÍTULO ÚNICO Principios xerais

Artigo 74. Financiamento.

1. Sen prexuízo da existencia doutras fontes de ingreso, o financiamento do Colexio procede dos colexiados.

2. O Colexio poderá subscribir convenios con entidades externas que contribúan a sufragar os seus gastos, coa condición de que non se vulneren principios éticos e deontolóxicos.

3. A inscrición como colexiado en exercicio comportará unha cota de ingreso, que non poderá superar os custos de tramitación, destinada a cubrir os gastos de inscrición, preparación do seu expediente, rexistro e a custodia da documentación, así como a participación nos dereitos patrimoniais do Colexio que, en caso de disolución, puidesen revertirle. En ningún caso esta cota poderá ser obstáculo deliberado para o exercicio da profesión, nin a libre competencia.

4. Os colexiados sen exercicio estarán exentos de cota de ingreso, ata que non inicien a actividade profesional, e participarán anualmente coa metade da cota dos colexiados en exercicio, ben que esta cota nunca será menor que a contribución alícuota por colexiado ao Consello Xeral.

5. Os colexiados que desenvolvesen durante dúas lexislaturas continuas ou tres descontinuas un cargo na Xunta de Goberno, terán dereito a que, mediante solicitude por escrito, se lles exima do pagamento das cotas colexiais.

Artigo 75. Preparación do orzamento.

Os orzamentos anuais e a liquidación do exercicio anterior serán preparados, redactados e presentados polo tesoureiro, co visto e prace do presidente, e, previamente a se presentar ante a Asemblea Xeral, serán aprobados pola Xunta Directiva en pleno.

Artigo 76. Aprobación do orzamento.

1. A Asemblea Xeral de colexiados aprobará os orzamentos anuais da entidade para o exercicio seguinte e a liquidación do orzamento do ano anterior, sobre ingresos e gastos, na asemblea ordinaria.

2. Así mesmo, a Asemblea Xeral Ordinaria aprobará as cotas dos colexiados así como as cotas de habilitación, se as houbese, e as cotas de ingreso; tamén aprobará cantas exaccións sexan necesarias para facer fronte aos gastos de administración e a cumprir os fins e as funcións que competen ao Colexio.

3. En caso de non aprobación do orzamento anual, resultará automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, e a Xunta de Goberno poderá establecer as restricións de gasto que se fagan imprescindibles para manter o equilibrio coa conta de ingresos.

4. Todo o exercicio é período hábil para a aprobación do seu orzamento e para a aprobación de modificacións.

5. Coa aprobación dos orzamentos, a Asemblea poderá designar tres colexiados para que, previamente a que se aproben as contas deste exercicio, actúen como censores.

Artigo 77. Execución orzamentaria e control de contas.

1. A execución do orzamento corresponde á Comisión Permanente, baixo o control da Xunta de Goberno.

2. A Xunta de Goberno presentará as contas á asemblea, para a súa aprobación, no primeiro trimestre do ano seguinte ao exercicio correspondente, xunto co informe, se é o caso, do censores que fosen designados.

Artigo 78. Contabilidade colexial.

1. Os libros de contabilidade, os orzamentos e todos os soportes que xustifiquen os gastos e os ingresos do Colexio estarán arquivados no Colexio, e baixo a custodia do tesoureiro.

2. Os colexiados poderán examinalos dentro das setenta e dúas horas anteriores á Asemblea Xeral en que se deban de someter a aprobación, ou cando o solicite o 20% do censo colexial.

Artigo 79. *Memoria anual e auditoría.*

1. O Colexio estará suxeito ao principio de transparencia na súa xestión. Para iso, deberá elaborar unha memoria anual que conteña, cando menos, a información seguinte:

a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e a súa aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que acadasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta no seu caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se é o caso, sobre os motivos de estimación o de desestimación da queixa ou da reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación sobre a protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos, en caso de dispoñer deles.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se atopen os membros das xuntas de goberno.

g) Información estatística sobre a actividade de visado.

Cando proceda, os datos presentaranse desagregados territorialmente por corporacións.

2. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

3. O Colexio facilitará aos seus consellos xerais a información necesaria para elaborar a memoria anual.

4. Cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial dos órganos directivos deberá procederse a auditar as contas do Colexio, sen prexuízo da función fiscalizadora que lles corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso.

TÍTULO VIII
Réxime disciplinario

CAPÍTULO I
Principios xerais

Artigo 80. *Normativa aplicable.*

1. O réxime disciplinario dos Colexiados rexeráse polo disposto nas leis, nestes estatutos, nos da Organización Colexial dos Odontólogos e Estomatólogos, e na restante normativa Colexial que os desenvolvan.

2. O Colexio poderá ditar as normas precisas para aclarar e interpretar as condutas previstas nos presentes estatutos, así como para integrar nelas aquelas novas accións que fosen xurdindo.

Artigo 81. *Responsabilidade disciplinaria.*

1. Os Colexiados están suxeitos á responsabilidade disciplinaria e incorrerán nela nos supostos e nas circunstancias establecidas nestes estatutos. Esta responsabilidade está baseada nos principios, tanto ético-deontolóxicos como legais, que vertebran o exercicio profesional do odontólogo ou do estomatólogo. En ningún caso será obstáculo o exercicio da actividade profesional a través dunha sociedade profesional para a efectiva aplicación aos Colexiados, sexan socios profesionais ou non, do réxime disciplinario previsto neste título.

2. O réxime disciplinario establecido nestes estatutos enténdese sen prexuízo das responsabilidades de calquera orde en que incorran os Colexiados no desenvolvemento da profesión.

3. As sociedades profesionais están suxeitas á responsabilidade disciplinaria e incorrerán nela nos supostos e nas circunstancias que foron establecidas na lei e nestes estatutos se cometesen algunha das infraccións previstas nos artigos 83 e seguintes. A responsabilidade disciplinaria da sociedade profesional entenderase sen prexuízo da responsabilidade disciplinaria que corresponda ao profesional actuante, sexa socio ou non dela.

CAPÍTULO II
Infraccións e sancións

Artigo 82. *Faltas disciplinarias.*

As faltas disciplinarias clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 83. *Faltas leves.*

Consideraranse faltas leves:

a) O incumprimento das normas establecidas sobre a documentación Colexial, ou que deba ser tramitada por conduto do Colexio, así como a falta de comunicación ao Rexistro

Mercantil ou ao Colexio da constitución dunha sociedade profesional ou das modificacións posteriores de socios, administradores ou do contrato social.

b) A desatención con respecto ao cumprimento os deberes colexiais, como poden ser non corresponder aos requirimentos ou ás peticións de resposta ou informes solicitados polo Colexio.

c) O incumprimento das normas estatutarias ou dos acordos adoptados polo Consello Xeral, polo Consello Autonómico, se é o caso, ou polo Colexio, salvo que constitúan falta de superior entidade.

d) As simples irregularidades na observación da normativa sanitaria vixente, sen transcendencia directa para a saúde pública.

e) A infracción de calquera outro deber ou prohibición recollido nos artigos 20 e 21 destes estatutos ou restante normativa aplicable, cando non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

Artigo 84. *Faltas graves.*

Consideraranse faltas graves:

a) A indisciplina deliberadamente rebelde fronte a órganos de goberno colexiais e, en xeral, a falta grave do respecto debido a aqueles.

b) A negligencia reiterada no cumprimento das obrigas colexiais.

c) Os actos ou as omisións que atenten contra a moral, o decoro, a dignidade, o prestixio e a honorabilidade da profesión, ou sexan contrarios ao respecto que se lles debe aos colexiados.

d) Indicar unha cualificación ou título que non se posúa.

e) A infracción culposa ou negligente do segredo profesional.

f) Non corresponder á solicitude de certificación ou de información dos pacientes nos termos ético-deontolóxicos.

g) A emisión de informes ou a expedición de certificados que falten á verdade.

h) Efectuar promesas ou garantir resultados terapéuticos con finalidades publicitarias ou de captación de pacientes.

- i) Realizar publicidade profesional non permitida polas leis.
- j) A inobservancia dos requisitos, dos controis e das precaucións exixibles na actividade, nos servizos e nas instalacións.
- k) A reincidencia na comisión de faltas leves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometa máis dunha falta leve no prazo de dous anos.
- l) Incumprir os acordos da Asemblea do Colexio por parte dos membros da Xunta de Goberno do Colexio.
- m) A falta de adaptación das sociedades constituídas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2007, de sociedades profesionais, ao disposto nela.
- n) Non comunicar ao Consello Xeral, nos prazos previstos no artigo 19 destes estatutos, as modificacións no Rexistro de Colexiados e no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio, cando diso non derive un prexuízo concreto aos cidadáns.

Artigo 85. *Faltas moi graves.*

Consideraranse faltas moi graves:

- a) Calquera conduta constitutiva de delito en materia profesional.
- b) O atentado contra a dignidade das persoas con ocasión do exercicio profesional.
- c) A desatención maliciosa ou intencionada dos pacientes, incluíndo calquera atentado contra os seus intereses.
- d) A infracción dolosa do segredo profesional.
- e) O encubrimento ou calquera tipo de amparo prestado ao intrusismo profesional.
- f) A apertura de consultas sen cumprir a normativa vixente, en particular a relativa á autorización administrativa sanitaria previa e a relativa á materia de seguridade e hixiene, con risco para os pacientes ou o para o persoal auxiliar.
- g) A coacción, a ameaza, a represalia ou calquera outra forma de presión grave exercida sobre os órganos colexiais no exercicio das súas competencias.

h) Todas aquelas faltas que se realicen de forma consciente e deliberada, sempre que se produza un dano grave.

i) A reincidencia na comisión de infraccións cualificadas como graves. Entenderase que existe reincidencia cando se cometa máis dunha falta grave no prazo de dous anos.

j) O incumprimento das normas sobre uso de estupefacientes, así como a práctica profesional baixo os efectos de substancias alcohólicas ou tóxicas.

k) A denegación de auxilio en situacións de necesidade ou por razóns discriminatorias.

l) A vulneración das normas que regulan a contratación de profesionais para exercer a actividade de odontólogo ou estomatólogo.

m) O exercicio da actividade profesional de odontólogo ou estomatólogo sen ter subscrito o seguro de responsabilidade civil exixido legalmente.

ñ) O exercicio da profesión de odontólogo ou estomatólogo conxuntamente co de actividades que fosen declaradas incompatibles por unha norma con rango de lei en desenvolvemento do previsto na Lei de colexios profesionais.

o) O incumprimento das previsións legais en relación cos requisitos de capital, composición de órganos de administración, e representación das sociedades profesionais, xa sexa mediante acordos públicos, xa sexa mediante acordos privados ou por medio de actuacións concertadas entre os socios.

p) Non comunicar ao Consello Xeral, nos prazos previstos no artigo 19, as modificacións que se realizaron no Rexistro de Colexiados e no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio, cando disto derive un prexuízo concreto aos cidadáns, por parte do membro responsable da Xunta de Goberno do Colexio.

Artigo 86. Sancións.

1. Por razón das faltas previstas neste capítulo, o órgano competente pode impoñer as seguintes sancións:

A) Aos colexiados:

a) Amoestación privada, verbal e por escrito.

b) Amoestación pública, mediante a publicación da resolución sancionadora firme nos órganos de expresión colexiais.

c) Multa por importe de 10 a 100 cotas colexiais mensuais.

d) Suspensión temporal do exercicio profesional, por un prazo non inferior a un mes nin superior a dous anos.

e) Expulsión do Colexio.

B) Ás sociedades profesionais:

a) Amoestación privada, verbal ou por escrito, dirixida aos seus administradores.

b) Amoestación pública, mediante a publicación da resolución sancionadora firme nos órganos de expresión colexiais.

c) Multa por importe de entre 100 e 500 cotas mensuais.

d) Baixa temporal do Rexistro de Sociedades Profesionais, por un prazo non inferior a un mes nin superior a dous anos, tempo durante o cal a sociedade profesional non poderá exercer a actividade profesional de odontólogo ou estomatólogo.

e) Exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais, momento a partir do cal a sociedade profesional non poderá exercer a actividade profesional de odontólogo ou estomatólogo.

2. As faltas leves serán sancionadas con amoestación privada ou pública tanto no caso de que o seu suxeito activo sexa un colexiado ou unha sociedade profesional.

3. As faltas graves serán sancionadas:

a) No caso de que o seu suxeito activo sexa un colexiado, con amoestación pública e cunha multa de dez a cincuenta cotas colexiais, ou con suspensión do exercicio profesional por un tempo de ata seis meses e cunha multa de dez a cincuenta cotas colexiais.

b) No caso de que o seu suxeito activo sexa unha sociedade profesional, con amoestación pública e multa por importe de entre 200 e 1.000 cotas mensuais, ou con baixa temporal do Rexistro de Sociedades Profesionais, por un prazo inferior a seis meses.

4. As faltas moi graves serán sancionadas:

a) No caso de que o seu suxeito activo sexa un colexiado, con suspensión do exercicio profesional por tempo superior a seis meses e inferior a dous anos ou multa de cincuenta e unha a cen cotas colexiais mensuais.

b) En caso de que o seu suxeito activo sexa unha sociedade profesional, cunha multa por importe de entre 300 e 2.000 cotas mensuais, ou con baixa temporal do Rexistro de Sociedades Profesionais, por un prazo de entre seis meses e un día e dous anos.

5. A reiteración na comisión de faltas moi graves poderase sancionar:

a) No caso de que o seu suxeito activo sexa un Colexio, coa expulsión do Colexio.

b) No caso de que o seu suxeito activo sexa unha sociedade profesional, coa exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais.

En calquera dos casos, o acordo sancionador deberase adoptar co voto a favor de, como mínimo, 2/3 partes dos membros do órgano competente.

6. Tanto as sancións de suspensión temporal do exercicio profesional como a de expulsión do Colexio comportarán a inhabilitación para incorporarse a calquera outro Colexio mentres a sanción estea vixente.

7. Cada unha das sancións disciplinarias previstas nos números anteriores comportará a obriga de emendar ou de corrixir os defectos e as irregularidades observados; rectificar as situacións ou as condutas improcedentes; executar, en definitiva, o acordo que, simultaneamente, adopte o órgano competente a raíz de feitos deducidos e comprobados durante a tramitación do expediente, e aboar os gastos ocasionados con motivo da tramitación dos expedientes disciplinarios ou dos requirimentos que tivesen que efectuar por conduto notarial para as notificacións oportunas.

8. Para a imposición de sanción, o Colexio deberá graduar a responsabilidade do inculpado en relación coa natureza da infracción cometida, transcendencia desta e demais circunstancias modificativas da responsabilidade, tendo potestade para impoñer a sanción adecuada, mesmo cando fose máis dunha a que se estableza para cada tipo de faltas. En todo caso, para a cualificación e determinación da corrección aplicable teranse en consideración as seguintes circunstancias:

a) A gravidade dos danos e perdas causados ao paciente, a terceiras persoas, a profesionais ou ao Colexio.

b) O grao de intencionalidade, de imprudencia ou de negligencia.

c) A contumacia demostrada ou desacato ao órgano competente durante a tramitación do expediente.

d) A duración do feito sancionable.

e) As reincidencias.

9. As resolucións que impoñan sancións por faltas graves ou moi graves, unha vez firmes en vía administrativa, poderán ser dadas a coñecer ás autoridades sanitarias, a terceiros interesados e á poboación en xeral, utilizando os medios de comunicación que se consideren oportunos.

10. As sancións de suspensión de exercicio profesional e das condutas que poidan afectar a saúde bucodental pública serán comunicadas ás autoridades sanitarias e gubernativas.

11. As sancións que se impoñan ás sociedades profesionais consistentes na baixa temporal ou na exclusión definitiva do Rexistro de Sociedades Profesionais serán comunicadas ao Ministerio de Xustiza e ao Rexistro Mercantil en que a sociedade sancionada estea inscrita.

Artigo 87. Extinción da responsabilidade disciplinaria.

A responsabilidade disciplinaria extinguirase:

a) Por morte do inculpado.

b) Por cumprimento da sanción.

c) Por prescrición das infraccións ou das sancións, de conformidade co disposto na lexislación sobre o procedemento administrativo.

d) Por acordo da Asemblea do Colexio, ratificado polo Consello Galego e, no seu defecto, polo Consello Xeral.

CAPÍTULO III
Procedemento

Artigo 88. Competencia.

1. Non poderá impoñerse sanción disciplinaria ningunha sen o expediente previo instruído para o efecto, consonte o procedemento establecido neste capítulo.

2. A potestade sancionadora corresponde á Xunta de Goberno do Colexio en que o expedientado estivese colexiado. No entanto, o auzamento e a sanción das faltas cometidas polos membros da Xunta de Goberno serán competencia do Consello Galego de

Odontostomatoloxía. Se o membro da Xunta de Goberno afectado fose, pola súa vez, membro do Consello Xeral, as facultades disciplinarias serán competencia deste último, calquera que fose a infracción cometida polo afectado.

3. No caso de infraccións cometidas por profesionais non pertencentes ao Colexio, tramitarase un expediente informativo no prazo de dous meses e remitirase ao colexio oficial en que estivesen colexiados, que, se é o caso, decidirá a instrución e resolverá o expediente sancionador.

4. Os acordos sancionadores serán inmediatamente executivos, sen prexuízo dos recursos que procedan.

5. O Colexio dará conta inmediata ao Consello Xeral das resolucións recaídas nos expedientes disciplinarios incoados, mediante remisión dunha copia delas.

6. O Colexio levará un rexistro de sancións, e estará obrigado a conservar o expediente ata a extinción da responsabilidade disciplinaria. As sancións disciplinarias firmes faranse constar no expediente persoal do colexiado. Estas anotacións cancelaranse de oficio unha vez transcorrido o prazo dun ano contado desde o día de cumprimento ou prescrición da sanción.

Artigo 89. *Prescrición das infraccións e sancións.*

1. As faltas leves prescribirán aos dous meses; as graves ao ano, e as moi graves aos dous anos, prazo contado desde o día en que a infracción se cometa.

2. As sancións prescribirán polo transcurso de iguais prazos, isto é, as das faltas leves aos dous meses; as das faltas graves ao ano e as das faltas moi graves aos dous anos desde que queden firmes.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometa. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e reiniciarase o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volviendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 90. *Expediente sancionador.*

O expediente iniciárase de oficio, mediante acordo da Xunta Directiva, no que se designará o seu xuíz instructor e secretario, nomeados entre os colexiados que forman parte da Xunta Directiva, consonte o seguinte procedemento:

a) Designados o xuíz e o secretario, comunicaranse ao colexiado incurso no expediente para que, no prazo de oito días, poida alegar calquera circunstancia de recusación deles. A Xunta Directiva resolverá a petición.

b) Unha vez firme a designación de xuíz e secretario, comunicáraselles a estes o acordo da Xunta Directiva, con remisión da investigación e demais trámites previos realizados pola Comisión Deontolóxica.

c) Recibida a comunicación, o xuíz ordenará a apertura do expediente, colocando os nomeamentos como cabeza deste, e citará o expedientado inmediatamente a declarar, comunicándolle a infracción que motiva o expediente e indicándolle o dereito a designar avogado que defenda os seus intereses, que o poderá asistir en todas as súas comparecencias. O expedientado, nos oito días seguintes á súa declaración, ou no momento desta, poderá achegar ou solicitar a práctica de cantas probas pretenda valerse.

d) O xuíz, nos cinco días seguintes, admitirá a/s proba/s que considere pertinentes rexeitará as restantes, e comunicará o acordo ao expedientado.

e) Se practicará a proba acordada polo xuíz, dentro do prazo máximo de vinte días, con intervención do expedientado e dos denunciante. Tanto a uns como a outros faráselles saber a data e o lugar da súa práctica.

f) Practicada a proba, o xuíz instructor formulará prego de cargos, que comunicará ao expedientado para que este, nos oito días seguintes improrrogables, formule as súas alegacións contra el.

g) Formuladas as alegacións, ou transcorrido o prazo sen facelas, o xuíz instructor elevará á Xunta Directiva proposta de resolución. Se non encontrase probas suficientes das supostas infraccións perseguidas, propoñerá o sobresemento das actuacións e o arquivo das dilixencias.

h) Recibida a proposta de resolución, a Xunta Directiva, da que non formarán parte para esta decisión os designados como xuíz instructor e secretario do expediente, en pleno, resolverá nos cinco días seguintes, e comunicará o acordo ao expedientado e ao denunciante, se o houbese, quen poderá interpoñer contra ela os recursos establecidos nestes estatutos.

i) Corresponderá á Xunta Directiva a execución das sancións impostas.

Artigo 91. *Recursos.*

As resolucións do Colexio de calquera tipo, e especialmente as que afecten a responsabilidade disciplinaria dos colexiados, serán impugnables ante o Consello Galego de Odontoestomatoloxía mediante a interposición de recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde a data da notificación. A resolución dos recursos de alzada esgotará a vía administrativa, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

TÍTULO IX

Sobre a ética e deontoloxía profesional

CAPÍTULO ÚNICO

Normas deontolóxicas

Artigo 92. *Actuación profesional.*

Os pertencentes ao Colexio de Odontólogos e Estomatólogos da Coruña están autorizados para realizar intervencións de odontoloxía e estomatoloxía na boca do paciente, cirúrxicas, restauracións mediante próteses ou de calquera outra índole. Incorrerá en falta moi grave quen realice estas intervencións sen estar colexiado.

Artigo 93. *Persoal auxiliar.*

O persoal auxiliar da clínica dental poderá desenvolver funcións simplemente complementarias e auxiliares da do seu principal e, en todo caso, sempre en presenza do colexiado e baixo a súa atenta inspección e vixilancia. Incorrerá en falta grave o colexiado que descoide a vixilancia e o control do persoal auxiliar.

Artigo 94. *Segredo profesional.*

O colexiado garantirá o segredo profesional de cantas intervencións realice cos seus pacientes. Constitúe falta moi grave a inobservancia desta obriga.

Artigo 95. *Tratamento.*

Todo profesional deberá procurar a saúde dos seus pacientes, de acordo coa *lex artis*.

Artigo 96. *Liberdade no exercicio profesional.*

O colexiado, tanto cando traballe por conta propia como cando o faga por conta allea, deberá actuar con absoluta independencia e responsabilidade, defendendo a liberdade de

prescripción e tratamento, rexeitando ou denunciando, se iso procedese, todo tipo de intromisión ou presión xa sexa dos pacientes, xa sexa dos propietarios das clínicas, ou de calquera outra persoa, entidade ou aseguradora. Constitúe falta moi grave a inobservancia deste precepto.

Artigo 97. Diagnóstico.

O paciente terá dereito a recibir do profesional un diagnóstico previo do seu estado bucal, con informe detallado das operacións que se pretenden realizar. Tamén terá dereito a que se cumpran as normas sobre o consentimento informado.

Artigo 98. Regulamento deontolóxico e ético profesional.

O Colexio poderá establecer un réxime ético e deontolóxico profesional mediante a aprobación dun regulamento.

TÍTULO X

Premios, condecoracións e distincións

CAPÍTULO ÚNICO

Principios xerais

Artigo 99. Competencias.

O Colexio é competente para crear e outorgar premios, condecoracións e distincións, que gozarán de recoñecemento no seu ámbito territorial, logo de aprobación dos regulamentos de concesión e dos emblemas polos órganos colexiados competentes.

Con este fin crearase a Comisión de Premios, Condecoracións e Distincións que convocará o vicepresidente do Colexio da Coruña.

TÍTULO XI

Disolución do Colexio

CAPÍTULO ÚNICO

Disolución e liquidación

Artigo 100. Disolución.

O Colexio disolverase en acordo de Asemblea Xeral, co voto favorable da totalidade dos asistentes, que deberán representar o setenta e cinco por cento, polo menos, do total de colexiados.

Artigo 101. *Liquidación do Colexio.*

Os bens de que dispuxese o Colexio no momento da súa disolución serán destinados, despois de se facer efectivas todas as débedas pendentes de pagamento e todas as cargas que pesen sobre o Colexio, a unha institución de carácter benéfico designada pola Asemblea Xeral, e situada dentro da demarcación do Colexio. A Asemblea designará unha Comisión, que se ocupará da disolución do Colexio.

Disposición derogatoria.

Quedan derogados os estatutos aprobados pola Orde do 15 de xuño de 2005, así como cantos acordos adoptados polos órganos do Colexio, con anterioridade á aprobación destes estatutos, se opoñan a eles.